

O mundo nas mans

Cartografía escolar dos séculos XIX e XX



XUNTA DE GALICIA

O mundo nas mans
Cartografía escolar dos séculos XIX e XX

Xunta de Galicia

Presidencia
Alberto Núñez Feijóo

Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria
Román Rodríguez González

Secretaría Xeral Técnica
Jesús Oitavén Barcala

Vicesecretaría Xeral
Pilar García Otero

Museo Pedagógico de Galicia
Beatriz Seco González

Coa colaboración de:
Arquivo do Reino de Galicia
Arquivo de Galicia

Exposición

Comisariado
Jesús Oitavén Barcala
Beatriz Seco González

Coordinación
Beatriz Seco González
Antonio Cepeda Fandiño
Pilar Fernández Blanco

Restauración
Beatriz Seco González
Sylvia Fernández Bueno
Esteo Técnica S.L.
Laboratorio Restauración do
Arquivo do Reino de Galicia

Documentación
Antonio Cepeda Fandiño

Didáctica
Pilar Fernández Blanco
Manuel Morán Llago
Catia Mouriño Durán

Catálogo

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria
Museo Pedagógico de Galicia

Dirección e coordinación editorial
Beatriz Seco González

Textos
Antonio Cepeda Fandiño

Fotografías
Manuel González Vicente

Maquetación e Impresión
Grafisant, S.L.

Depósito Legal:
C 62-2016

ISBN:
978-84-453-5210-6

“-Que agradable debe de ser saber ler un mapa!- dixo Emilia con sincera admiración.

-Ensínenos vostede- dixo Luís.

E Guillermo engadiu:

-Si, si; axiña.

Emilia ofreceume unha cadeira, pois ata entón estiveramos de pé e, seguindo o seu exemplo, Luís trouxo outras para que eles puideran sentar.

Os nenos calaron esperando a miña explicación”

Pablo Vila, Geografía Física y Astronómica (1918)

Índice

LIMIAR	11
PRESENTACIÓN	13
A CARTOGRAFÍA, UN RECURSO DIDÁCTICO MULTISECULAR PARA A XEOGRAFÍA E A HISTORIA	17
CATÁLOGO	23
BIBLIOGRAFÍA	151

No seu labor de conservación, estudo e difusión do patrimonio histórico educativo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presenta unha nova exposición temporal, *O mundo nas mans*. Unha mostra na que se poderá ver unha escolma de materiais relacionados coa cartografía didáctica.

Os profesionais do Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega) foron seleccionando, restaurando, estudando e, á fin, amosando nesta exposición un total de 66 pezas relacionadas coa cartografía escolar dos séculos XIX e XX.

A meirande parte dos obxectos desta mostra amosan o valioso legado que alberga o Mupega, co que isto supón para a posta en valor dos seus fondos. Todos eles transpórtannos a outros espazos, próximos ou afastados da nosa terra, logo de ter cumprido a súa misión didáctica de fornecer o alumnado duns coñecementos xeográficos que dificilmente poderían adquirir doutro xeito.

Desde sempre, os mapas constitúen un dos materiais máis clásicos das nosas escolas, formando parte das aulas ao longo da historia e servindo para que moitas xeracións de mozas e mozos de Galicia se fixeran unha composición de lugar dun mundo anterior ao das actuais tecnoloxías e de cales eran os seus horizontes, dun xeito visual e intuitivo.

Desde a Consellería, por medio do Museo Pedagóxico de Galicia, temos o compromiso de coidar, preservar, estudar, restaurar e difundir a herdanza que se fraguou nos nosos centros educativos para as vindeiras xeracións. *O mundo nas mans* é un excelente exemplo deste patrimonio que agora se pon ao dispor da sociedade.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

No ano 1916, o profesor da Escola Normal de Pontevedra e futuro director da de Santiago, José María Crespo Rodríguez, editaba o libro *Nociones de Geografía de Galicia*, que se considera o primeiro manual de Xeografía dedicado a Galicia. Exactamente cen anos antes Domingo Fontán iniciara no pombal do pazo de Sobrecarreira os exercicios preliminares para a confección da súa *Carta Geométrica de Galicia*.

Con motivo dos respectivos centenario e bicentenario, e dentro da programación do Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), preséntase a exposición temporal *O mundo nas mans. Cartografía escolar dos séculos XIX e XX* na que se amosa, ademais do libro e do mapa mencionados, unha escolma de pezas relacionadas coa cartografía e as disciplinas que a empregaban como medio didáctico.

Aínda que os mapas son un recurso xa utilizado noutras exposicións, esta mostra presenta novidades, pois exhibe varias pezas que ven a luz por primeira vez, gardadas ata hoxe en condicións adecuadas de conservación, ou recuperadas co obxecto de ser expostas. Así, *O mundo nas mans* bríndalle ás persoas que a visiten a posibilidade de gozar de varias pezas nunca vistas. Por outra parte, algunhas delas son especiais, pois se preservan moi poucos exemplares. Noutros casos, o carácter de únicas e singulares provén de pintar ou retocar á man as pezas con certo matiz pictórico.

A visita comeza nun corredor dedicado ás xeracións iniciais de xeógrafos e xeógrafas de Galicia, representadas por Domingo Fontán e a súa *Carta Geométrica de Galicia* (1845), e tamén a outras xeracións máis novas representadas por Río Barja, que realizou un mapa de Galicia en relevo (no ano 1985, aproximadamente) como prototipo para uso didáctico. A obra foi cedida polo propio autor á Consellería que, fiel ao seu legado, a conservou e agora a pon en valor, ao expoñela por primeira vez nesta mostra.

Nesta parte inicial, inclúese unha peza do editor Paluzie, un impresor especializado en láminas e mapas no eido educativo, e un dos representantes de todas as casas editoriais que existiron no Estado e que se constituíron como a chave fundamental nos esforzos de difusión do patrimonio educativo. O arduo traballo de recuperación desenvolvido fixo posible contemplar agora varios dos seus mapas de gran formato que se conservan nunha colección completa no Mupega.

O resto da mostra segue a distribución clásica da xeografía plasmada nos manuais do século XIX: a xeografía astronómica (as estrelas, o sol, os planetas, a terra,...), a física (as partes da terra, os minerais, os fósiles, ...), a política (a xeografía relacionada coas razas, a

relixión ...), a descritiva (o mapamundi, os continentes, España, Galicia, os mapas provinciais e os planos locais).

Por último, dedícase un apartado á historia, que tamén fai uso da cartografía, cos atlas históricos ou cos planos das cidades onde aconteceu algún feito histórico.

Así mesmo, no labor que o Mupega está a realizar para pór en valor o patrimonio histórico-educativo de Galicia, recuperáronse moitos mapas enteados que, pola propia natureza destes soportes, son considerados como as pezas máis fráxiles e sensibles á deterioración. Non obstante, na liña de traballo que se vén desenvolvendo no Mupega, a conservación e a restauración destas pezas resultou fundamental para poder exhibilas e para preservalas de cara ao futuro. Ademais, as pezas seleccionadas van acompañadas dun rigoroso estudo documental que permite contextualizalas e descubrir os seus usos.

O mundo nas mans vai acompañado dun programa de actividades didácticas dirixidas aos centros que queiran descubrir o Mupega dende outra dimensión, a través da súa exposición temporal. Estas actividades están pensadas para axudar os rapaces e rapazas a coñecer os mapas a través das actividades lúdicas e dos obradoiros que están programados e adaptados para todas as etapas educativas.

En definitiva, *O mundo nas mans* constitúe un manifesto de que co traballo e o esforzo do equipo do museo é posible pór en marcha proxectos deste tipo, que fan vivo o Mupega e que poñen en valor o rico patrimonio histórico-educativo que alberga nos seus fondos, promovendo deste xeito a súa recuperación e difusión.

Beatriz Seco González
Directora
Museo Pedagógico de Galicia

A cartografía, un recurso didáctico multiseccular para a xeografía e a historia

A aparición dos mapas na escola é relativamente recente. Ata o século XIX, a xeografía viña de pasar unha etapa puramente descritiva da superficie terrestre, e será nesa centuria cando o desenvolvemento das ciencias sociais faga que se pase dunha simple descrición á análise, poñendo en relación o ser humano co territorio que ocupa¹.

Este período virá caracterizado asemade polo avance tecnolóxico, a Revolución Industrial e as revolucións liberais que aumentan o sentimento de que os coñecementos deben estar ao servizo da cidadanía e non só dunhas elites, así como o espertar dos nacionalismos, que estimularán a posta en valor da historia e da xeografía dos pobos.

Tamén verá desenvolver, canda a formación do profesorado, os congresos e o museísmo pedagóxicos. Estes museos, lonxe de se conformar con acubillarse nun concepto de almacén de obxectos antigos, fomentarán a investigación e a mostra de innovacións, neste caso do ámbito da didáctica. E como impulsoras deste museísmo, auténtico escaparate ao dispor dos docentes da época, xorden as exposicións universais onde se amosan aquelas producións que dalgún xeito irán abrindo camiño².



1 Gento Palacios (1988: 686)

2 Ruiz Berrio (2003: 58-61)

Así, primeiro nas exposicións, e logo nos museos pedagóxicos, as distintas casas e empresas dedicadas a producir o material escolar atopan outra vía de difusión dos seus catálogos. A Exposición Universal de Londres de 1862 será crucial para o tema que nos ocupa. Alí amosaranse materiais de todo tipo para as aulas. Tamén as esferas e os mapas, incluíndo varios en relevo. Na década de 1880 empezará a chegar unha boa parte dese material ás escolas españolas e, entre o conxunto, a colección de mapas de xeografía que virá para se quedar³. Pódese comprobar no conxunto de pezas exhibidas nesta exposición, e de maneira testemuñal, como desde esta década se concentra o maior número de mostras -só seis son da época anterior-.

Aínda así, non coñecemos a data exacta da introdución destes materiais nas aulas galegas de ensino primario. Trátase dun tema pendente de investigación, difícil de verificar en boa medida por non existir a día de hoxe un depósito onde se concentren os testemuños onde poderían estar documentados, como inventarios ou libros de gastos, algúns quizais en mans dos descendentes dos mestres e das mestras que exerceran nese momento -ocasionalmente achéganse doazóns ao Museo Pedagóxico de Galicia, aínda que de xeito moi residual e por suposto do século XX- e outros, a inmensa maioría, xa desaparecidos.

Porén, resulta máis doado situar a entrada deste material nos centros de ensino medio. O feito de que este período coincida coa creación dos institutos máis antigos de Galicia, e o pulo dado pola Lei Moyano de 1857 para dotalos, unido a que contamos coas memorias e os inventarios, permítenos debuxar con máis exactitude o seu percorrido.

Pouco despois da fundación do Instituto de Pontevedra (1845), o novo centro adquire materiais para o estudo da Xeografía e da Historia⁴. Na memoria do Instituto de Monforte -sé provisional do Instituto Provincial de Lugo e hoxe IES Lucus Augusti- correspondente ao curso 1859-1860⁵ xa figura entre o seu equipamento unha colección de mapas e esferas⁶. No curso 1861-1862, a colección parece non mudar. No inventario da memoria lida na apertura do curso faise referencia aos seguintes materiais correspondentes ás clases de Xeografía e Historia:

“GEOGRAFÍA

-Un juego de esferas o globos que comprende la celeste, la terrestre y la armilar de madera y cartón barnizados.

-Otras dos esferas celeste y terrestre de 27 centímetros de diámetro, de cartón con pies de madera y horizonte de acero con meridiano de bronce.

3 Costa Rico (2006: 207-208)

4 Castelo e Santillán (1997: 89)

5 *Memoria...* (1860); citado en Prado Gómez (2013: 59-62)

6 Prado Gómez (2013: 61)

-Una colección de seis mapas tamaño mayor que contiene el Mapa mundi, el de Europa, el de Asia, el de África, el de América, y el de España.

-Otra colección de 12 mapas de las antiguas provincias de España por Dufour.⁷

-Un mapa de la provincia de Madrid por Coello⁸.

-Plano de Madrid por idm⁹.

-Cuatro mapas murales Mapamundi y Europa: los unos mudos, otros con nombres.

-Mapa geométrico de Galicia por Fontán¹⁰.

-Dos Atlas geográficos e históricos de Mr. Le-Sag¹¹.

-Mapa de España en relieve.

-Un mapa de ferrocarriles de Europa.

-Mapa de España de Roig¹².

-Mapa Universal de gran dimensión, sistema de Mercator, en tela barnizada.

-Un encerado.

HISTORIA

-Dos cuadros históricos Universales¹³

Como se pode comprobar, algúns dos identificados proveñen de París, igual que acontecía con outro tipo de produción gráfica, como as láminas educativas de botánica, zooloxía, anatomía, física, etc., que nos seus inicios procedían case na súa totalidade de Francia, Alemaña, Austria e Italia¹⁴.

7 Refírese probablemente a varias das cartas soltas que compoñían o *Atlas Nacional de España* realizado polo xeógrafo Auguste Henri Dufour (1795-1865), editadas en París na década de 1830.

8 Era o mapa de Madrid escala 1/100.000 do militar Francisco Coello (1822-1898) que se edita en Madrid no ano 1847, coñecendo unha segunda edición no ano 1857. Este mapa vai acompañado dun texto que achega datos estatísticos e históricos de Pascual Madoz (1806-1870), autor do *Diccionario Geográfico*.

9 Plano publicado en 1849 por Francisco Coello e Pascual Madoz en escala 1/5.000.

10 É a *Carta Geométrica de Galicia* de Domingo Fontán Rodríguez, impresa en París en 1845 -vid. peza nº 1 do catálogo desta exposición-

11 *Atlas Historique, généalogique, façon chronologique et géographique* de A. Le Sage, editado en París no ano 1814 na imprenta de P. Didot.

12 Podería ser o *Mapa de España y Portugal* de Pedro Martín de López, publicado polos editores Gaspar y Roig en Madrid, no ano 1852.

13 *Memoria...* (1861: cadro 8), orixinal en castelán.

14 Castro, Cepeda e Seco (2013: 8)

Porén, no ensino primario os mapas serán eminentemente un produto nacional, aínda que quede espazo para a importación desde os países sinalados. Ás editoriais de primeira xeración -Hernando, Calleja, Paluzié, etc.- seguiranlles outras como Dalmau Carles, Plá ou Seix Barral, por citar só algúns referentes. Aínda nos inicios do século XX, o que fora inspector de primeira ensinanza en Oviedo e Álava, José María Azpeurrutia Flórez, facíase eco da situación do mapa na escola, ao dicir que en realidade non había mapas escolares, é dicir, adaptados a nenos e nenas, senón outros para persoas adultas, con tanto detalle que impedían ver o conxunto¹⁵.

No primeiro terzo do século, mellorárase a oferta das empresas españolas fabricantes de material didáctico -radicadas en Cataluña e Madrid, principalmente-. E, sendo xustos, cómpre sinalar que a produción, ademais de abondosa, será en moitos casos dunha gran calidade científica e pedagóxica. O límite á súa presenza nas aulas virá imposto tan só polas posibilidades económicas das propias escolas, certamente escasas¹⁶.

En Galicia a situación non difería demasiado do conxunto do estado. Había, iso si, dúas realidades que configuraban dun xeito especial o noso panorama educativo. Por unha banda, as *Escolas de Americanos* fundadas polas *Sociedades Galegas de Instrución* ultramarinas, que cubrían os ocos que o estado non podía abarcar, constituíndo unha tupida rede de centros -aínda que de distribución territorial non moi homoxénea- aos que moito tiveron que agradecer milleiros de galegas e galegos. Neles estaba xeneralizada a presenza de materiais para a didáctica da Xeografía e da Historia, moitas veces decorando as paredes, como as esferas terrestres, os planisferios, os mapas físicos e políticos de todos os continentes, así como de España, da provincia e do concello aos que pertencía o centro. Ata aí, a dotación sería máis ou menos común ás escolas estatais. Porén, habería un grupo de mapas que os caracterizarían en positivo: o mapa de Galicia e os dalgunhas nacións americanas, con predominio dos de Cuba e Arxentina¹⁷, nada sorprendente tendo en conta que estes eran os países máis activos no que respecta á fundación das sociedades de instrución.

Botando unha ollada á pouca documentación existente, o colexio "La Devesana" contaba con sete mapas -dous deles de Cuba-, unha esfera terrestre e vinte libros de Xeografía de Gomis¹⁸. A "Institución Escolar Franza y Seijo", dispoñía dunha colección de mapas de Vidal de la Blache, ademais doutros trece de España, provincial, planisferio e dos cinco continentes, e vinte e catro libros de Xeografía de Ortiz¹⁹. O grupo escolar "San Adrián" contaba con sete atlas de xeografía, dous mapamundi e quince mapas ("cadros murais") físicos e políticos,

15 Azpeurrutia Flórez (s.d.)

16 Albacete García (1992)

17 Peña Saavedra (1991: II, 82)

18 Íd., 89

19 Íd., 87

ademais de dez libros de Xeografía de autor descoñecido²⁰; e o grupo escolar de Cruz de Barca, Moeche, de xeito máis modesto, cun mapa de España, outro do mundo, e un da Coruña²¹. En dúas fotografías feitas en 1929, pódese ver o material enviado a Galicia pola Sociedade Brisas del Plata (Bos Aires), no que se poden distinguir tres esferas e preto de dez mapas²². Os exemplos observados, aínda que non permitan establecer conclusións categóricas, amosan un panorama dunha relativa boa dotación.

Nas antípodas, a outra realidade é a das *escolas de ferrado*, chamadas así por constituírense por iniciativa dos veciños e veciñas dunha ou de varias aldeas que contrataban os servizos dun *escolante*, persoa de limitada formación na maioría dos casos, que a cambio duns ferrados de cereal -velaí o porqué do seu nome- debía ensinar a ler, escribir, as *catro regras*, e algo de doutrina cristiá aos nenos e nenas. A carencia de medios era case absoluta, ata o punto de que a mediados do século XIX o propio Madoz refírese a algunhas destas escolas como "indotadas"²³. E así era en xeral, aínda que a curiosidade e os intereses do propio escolante determinaban a aparición de determinados materiais. É o caso de José Núñez López, interesado pola Xeografía que, aínda que non contaba con mapas murais, chegara a conseguir dous atlas cos cales mostraba aos nenos e nenas os puntos cardinais, a capital de España e os ríos e as montañas, o que constituía toda unha novidade entre a vecindade²⁴.

Como é obvio, nas escolas públicas galegas de ensino primario a situación era máis semellante ás dos americanos que as de ferrado. Nelas, cos mapas murais e as esferas compartían o espazo da aula os libros específicos de Xeografía -véxanse os números 8 e 22 do catálogo da exposición, por citar exemplos concretos-, pero tamén cos de *Lecciones de Cosas*, que pretendían cultivar no alumnado a curiosidade polo novo, recorrendo á imaxe para desenvolver unha pedagogía máis intuitiva; e as populares *Enciclopedias* -nº 46-, compendios que abarcaban todas as materias, como Lingua Española, Aritmética, Xeometría, Historia Sagrada, Conmemoracións escolares, Ciencias da Natureza, Formación Política, e tamén a Historia de España e a Xeografía.

No ámbito da Xeografía, o profesorado en Galicia e aquelas persoas encargadas da súa formación non se limitaban só a recibir os materiais exógenos. Nos comezos do século XX, iniciárase tamén unha produción propia, aínda que modesta, da que se amosan bos exemplos na presente exposición temporal ou formando parte dos fondos do Museo Pedagóxico de Galicia. As escolas normais acollerán un grupo de persoas que en distintos momentos realizan importantes achegas ao patrimonio didáctico.

20 Íd., 90

21 Peña Saavedra (2013: 92)

22 Íd., 40

23 Saavedra Fernández (2007: 33-34)

24 De Gabriel (2001: 191-193)

É o caso de Vicente Fráiz Andón, co seu *Esquema de Geografía e Hidrografía de Galicia* (1909), un mapa en relevo premiado na Exposición Rexional do mesmo ano, realizado coa colaboración do escultor e profesor Rafael de la Torre Mirón, do que se exhibe un exemplar no vestíbulo do noso Museo. Tamén destacarán na produción bibliográfica. Como mostras presentes nesta exposición, citemos a José Durán e o seu manual para futuros profesores e profesoras *Elementos de Geografía* (1914) , así como as *Nociones de Geografía de Galicia* (1916) de José Crespo Rodríguez, fito na literatura especializada por tratarse do primeiro manual de Xeografía de Galicia. E xa no último cuarto do século, o profesor Francisco Javier Río Barja coas súas importantes achegas, tanto desde o punto de vista bibliográfico -*Aplicaciones prácticas de geografía general para profesores de E.G.B.: didáctica de la geografía* (1980) e *Didáctica da Xeografía* (1981)²⁵-, coma no do material didáctico, co seu mapa en relevo realizado a partir das follas do Topográfico Nacional correspondentes ao territorio galego. Todos eles profesores na escolas normais de Santiago, Pontevedra e Ourense. E polo camiño desta centuria, a proteica produción dos profesores e catedráticos dos institutos galegos, da que destacamos no seu segundo terzo a de Ramón Otero Pedrayo.

A produción editorial e material medrará de xeito exponencial xa desde a década de 1970, co desenvolvemento dunha cartografía específica de Galicia respectuosa coa nosa toponimia; e nos 80 e décadas seguintes coas anovadas pedagogías ata chegar aos nosos días, cando as cartas e os mapas murais quedan relegados a unha función puramente decorativa nas aulas ante a chegada doutros produtos baseados nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Porén, sexa o formato que sexa o escollido nas etapas vindeiras, a representación ideal do espazo polos mapas xeográficos, e a do tempo polos mapas históricos, acompañarannos no camiño.

Antonio Cepeda Fandiño
Área de Documentación e Recursos
Museo Pedagóxico de Galicia

²⁵ Vid. bibliografía

Carta Geométrica de Galicia

Domingo Fontán Rodríguez

L. Bouffard
Imprimiere de Lemercier
1845, París
Papel, tea, madeira
2,40x2,20 cms.

Arquivo de Galicia

Domingo Fontán (1788-1866) realiza o primeiro mapa científico de Galicia -e o mellor de España na primeira metade do século XIX- nunha tarefa que ocuparía dezasete anos da súa vida (1817-1834). Pouco tempo, se temos en conta a precariedade de medios e que a acometeu en solitario.

Está realizado a escala de 1/100.000. España non instaurará por lei o Sistema Métrico Decimal ata o ano 1849 que, de feito, se difundirá grazas á escola, na que se ensinará de xeito obrigatorio a partir de 1852¹. Fontán adiántase ao seu tempo, empregando para as medicións un metro traído desde París polo profesor José Rodríguez González (1770-1824), director do Observatorio Astronómico de Madrid a partir de 1819, e en palabras de Fontán o seu verdadeiro inspirador para realizar a triangulación xeodésica de Galicia e o levantamento da *Carta Geográfica*². Para a dita triangulación tomará na torre do reloxo da catedral compostelá a primeira referencia de latitude, lonxitude (partindo do meridiano de San Fernando -Cádiz-, habitual en España ata a adopción en 1884 do de Greenwich)³, e altitude sobre o nivel do mar, medida en varas castelás⁴. En canto á proxección, emprega unha case cónica -proxección pseudocónica de Bonne-. Entre as súas moitas virtudes, que compensan as poucas eivas, constitúe o mellor documento toponímico galego para o século XIX.

Aínda habería que esperar ata o ano 1845 para velo editado na cidade de París, das mans do gravador L. Bouffard. Polo seu gran tamaño foi dividido nun total de 12 cartas ou seccións. Desta primeira edición tiráronse un total de 550 exemplares. Un deles formou parte dos primeiros materiais chegados ao Instituto Provincial de Monforte de Lemos, posteriormente de Lugo -hoxe IES Lucus Augusti-, onde se conserva, cedido pola Deputación Provincial, sendo así un dos primeiros mapas de uso didáctico documentados en Galicia.

1 Castro, Cepeda e Seco (2013: 12)

2 Núñez de las Cuevas, Rodolfo (1988: s.f.)

3 Filgueira Valverde (1987) e Gavira (1946)

4 Vilanova Rodríguez (1974: 165)



Pedra litográfica

c.a. 1910, s.l.
21x27x4,5 cms

Colección particular Beatriz Seco González

A litografía foi inventada entre os anos 1796 e 1798 por Aloys Senefelder. Fúndase na propiedade uniforme e especial da pedra litográfica, capaz de reter as tintas graxas mediante un tratamento químico. Só toma tinta a parte debuxada, mentres que as superficies sen debuxo permanecen limpas. Para imprimir en diversas cores – a cromolitografía, empregada a partir de 1837- precisaríanse uns debuxos e estampacións diferenciadas para cada capa de cor.

A imaxe da pedra litográfica -aquí, un traballo de imprenta para dúas empresas de exportación de produtos alimenticios- está invertida para que resulte positivada na impresión.



Telescopio

c.a. 1908, s.l.
Latón e vidro
59x133,5x18 cms.

Rede Mupega
IES Xelmírez I (Santiago de Compostela)
RM6

BIBLIOGRAFÍA:
SISTO EDREIRA, Rafael (1999: 42)

Eduardo Moreno López (1870-1911), catedrático de Historia e Xeografía do Instituto de Ourense e profesor de figuras senlleiras da cultura galega como Vicente Risco, Florentino López Cuevillas e, dun modo especial, Ramón Otero Pedrayo, expresaba de maneira progresiva as achegas do telescopio á Xeografía:

"A invención do telescopio permitiu o descubrimento dos satélites de Xúpiter, e co seu descubrimento, a súa observación, e coas súas observacións, grazas á maior perfección do cálculo matemático, o trazado das táboas dos seus eclipses, progreso importantísimo que permitiu a determinación máis exacta de lonxitudes, e con ela a medición do planeta, dos continentes, dos pobos, e a súa reprodución fiel nos mapas. Deste modo o coñecemento do ceo serviu ao home para o coñecemento máis preciso da terra".⁵

Refírese Moreno a Galileo Galilei que, coñecedor do invento atribuído ao alemán Hans Lippershey en 1593 ou ao xerundense Juan Roget en 1590, decidiu construír un telescopio astronómico en 1609, que é o primeiro rexistrado. Con el puido descubrir catro das lúas de Xúpiter o ano seguinte.

Esta peza de fabricante descoñecido posúe ademais do anteollo astronómico outro anteollo buscador, de menor tamaño, para localizar con facilidade o astro e así podelo enfocar, como ocorre cos actuais.

⁵ Moreno López (1903: 21)



Compás mariño

Francisco Martínez

1785, San Fernando (Cádiz)
Latón, ferro, madeira, cartón, vidro
45,5x32x30 cms.

Rede Mupega
IES Otero Pedrayo (Ourense)
RM38

O compás consta basicamente dunha agulla imantada con liberdade de movemento para rotar nun plano horizontal e que se orienta na dirección Norte-Sur pola acción do campo magnético terrestre. Popularmente é ben coñecido como un instrumento de navegación empregado para a orientación e o manexo dos mapas, ademais de para marcar o rumbo; pero tamén era usado na Xeografía para realizar as medicións de dirección precisas sobre o terreo.

Este compás foi fabricado no Arsenal da Carraca, un centro militar en Cádiz que funcionou como estaleiro e depósito de munición e armas entre os séculos XVIII e XX⁶. O encargado da súa factura foi Francisco Martínez, instrumentario que primeiro traballou neste Arsenal, e despois acabaría substituíndo ao seu propio fillo no Observatorio de Cádiz, aínda que o seu nivel de especialización probablemente non lle permitía facer outros instrumentos máis complexos que este compás⁷.

6 Quintero González (2000)

7 Sellés (2005: 147-148)



Mapa de Galicia

Francisco Río Barja

c.a. 1985, Santiago de Compostela
Madeira, pintura
414x490 cms

Fondo Mupega
PR645

BIBLIOGRAFÍA:
GARCÍA IGLESIAS, José Manuel (1974)
RÍO BARXA, Francisco (1986)

Francisco Javier Río Barja (1919-2011), ademais de discípulo e compañeiro de Otero Pedrayo, foi profesor da Universidade de Santiago e autor dunha fecunda obra bibliográfica. Dirixiu o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos e foi membro da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega. Foi formador de formadores como catedrático de Xeografía e Historia na Escola Universitaria de Formación do Profesorado -antes Escola Normal de Santiago- desde 1954, e o seu director entre os anos 1975 e 1984, e impartiu innumerables cursos sobre didáctica da Xeografía no Instituto de Ciencias da Educación.

Neste último ámbito é onde hai que situar a peza presentada. O mapa, iniciado na década de 1970⁸ e probablemente rematado en torno a 1986⁹, é unha realización facticia para esta exposición. Non foi deseñado para se exhibir como conxunto, senón que plasma en relevo as oitenta e tres follas do Mapa Topográfico Nacional de escala 1/50.000 -véxase o nº 55 deste catálogo-. De cada unha delas prevíase sacar un prototipo inicial do que resultarían uns moldes de plástico que se entregarían a tódolos grupos escolares de Galicia, segundo a comarca á que pertenceran.

8 García Iglesias (1974:3)

9 Río Barja (1986: 114)



Mapamundi en dos hemisferios

José Paluzié Lucena

Establecimiento Editorial de Hijos de Paluzié
1914, Barcelona
Papel, tea, madeira
123x215 cms.

Fondo Mupega
2422

Foron moitas as empresas españolas que se dedicaron, xa dende o século XIX, á edición de mapas coa escola como público obxectivo. Hernando e Calleja son boa mostra delas, xunto coa casa Paluzié (1865-1940), unha das mellores representantes no que se refire á publicación deste tipo de materiais antes da Guerra Civil. O seu fundador, Esteban Paluzié y Cantalozella (1806-1873), foi un pedagogo fecundo e moi innovador no seu tempo, xa que introduciu na súa escola de Xátiva ensinanzas como o debuxo, a educación física e os idiomas, que non se universalizarían no noso país ata a Lei Xeral de Educación de 1970. Trasládouse despois a Valencia e por último a Barcelona (1840), fundando un colexio onde aplicaríaa as súas novas técnicas pedagóxicas, ademais dun museo -con obras pictóricas de autores como Murillo e Ribalta- e o xornal *El Pregonero*.

Foi tamén un prolífico escritor de obras didácticas, ata tal punto que decidiu crear a súa propia editorial, para o que vendeu o colexio que fora unha referencia a nivel nacional co propósito de centrarse neste proxecto¹⁰. A través dela non só fixo mostra da súa valía como pedagogo, senón tamén como calígrafo e debuxante, habilidades que quedarían plenamente reflectidas nos mapas que xa comezan a formar parte da súa oferta dende os primeiros anos. Á morte de Esteban, pasará a rexer a empresa o seu fillo Faustino¹¹, período no que se edita este mapamundi.

10 Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana (1974)

11 Sureda García (1997: 82)



Globo celeste que contiene las estrellas desde la 1ª a la 5ª magnitud

Faustino Paluzié
c.a. 1890, Barcelona
Cartón, madeira e latón.
48x27 cms.

Fondo Mupega
143

Un elemento esencial para o ensino da Xeografía Astronómica era, xunto coa armilar, a esfera celeste, consistente nunha representación ideal da bóveda celeste, concéntrica co globo terrestre; en realidade unha construción mental causada pola sensación producida ao mirar ao ceo. Esta bóveda posuiría un movemento aparente, produto do propio movemento de rotación terrestre.

O globo celeste conservado no Museo Pedagóxico de Galicia ten un pé chamado “de piar” con base circular¹², semellante á publicada no catálogo de Paluzié de 1880¹³. A esfera, con estrutura de escaiola, presenta unha superficie en papel litografado onde están impresas as estrelas e as constelacións, con belas representacións gráficas alusivas aos seus nomes.

12 Beny, Barbáchano, Guerrero e Merino (1990: 553)

13 Paluzié (1880: 41).



Cartilla moderna de Geografía

F.T.D.
c.a. 1925 (2ª ed.), San Sebastián
Papel , enc. rústica
32 pp.

Fondo Mupega
BIB-10129-MLE-CAR

Ademais dos manuais de Xeografía, as editoriais publicaban outro tipo de textos máis breves de contido global especialmente dirixidos ao alumnado de primeira ensinanza, xa que recollían todas as ramas contempladas na concepción clásica da xeografía como materia.

A *Cartilla moderna de Geografía* mantén un modelo “de catecismo”, a base de preguntas e respostas, ilustrado a dúas cores para favorecer un ensino máis intuitivo. Ao seu pé hai un grupo de propostas de exercicios que o alumnado debe responder ao final de cada sección.

I. LA TIERRA EN EL UNIVERSO

1. *¿Qué es Geografía?* — Geografía es la descripción de la Tierra. La Geografía nos da a conocer cuanto vemos en la superficie de la Tierra: pueblos y naciones, ríos y mares, montes y llanuras, campos y bosques, carreteras y ferrocarriles, etc.

2. *¿Qué es la Tierra?* — La Tierra es el globo que habitamos. Es uno de tantos astros creados por Dios y a cuyo conjunto llamamos Universo.

3. *¿Cuál es la forma de la Tierra?* — La Tierra es redonda como una bola.

La Tierra se sostiene sola en el espacio como las pompas de jabón que se van por el aire sin apoyo alguno. Y nosotros atraídos hacia el centro de la Tierra como el hierro es atraído por el imán, ocupamos cualquier lugar sin caer en el espacio, a la manera que las bombigas se mantienen en un balón suspendido.

4. *¿Qué movimientos tiene la Tierra?*

La Tierra tiene dos movimientos principales: el de rotación sobre sí misma en 24 horas, y el de traslación alrededor del Sol en 365 días, es decir, en un año.


5. *¿Qué es el Sol?* — El Sol es el astro luminoso que nos calienta y nos ilumina durante el día.

Es 1.300.000 veces mayor que la Tierra, de la cual dista 150 millones de Km. Para recorrer esta distancia un aeroplano con velocidad de 300 Km. por hora emplearía algo más de 84 años.

6. *¿Qué astro gira alrededor de la Tierra?*

Alrededor de la Tierra gira la Luna, que es 49 veces menor que la Tierra, y dista de ella 384.000 Km.

- 4 -



INTERROGATORIO Y EJERCICIOS. — 1. ¿Qué astros representa la parte superior de este grabado? — 2. ¿Qué significan las líneas de puntos que acompañan a la Tierra y a la Luna? — 3. ¿Por qué no caen en el espacio los hombres y los boques situados en lugares opuestos de la Tierra? — 4. La Tierra gira sobre sí misma en... horas, y alrededor del... en... días. La Luna gira alrededor de... — 5. La Tierra es... como una bola.

- 5 -

CARTILLA MODERNA DE GEOGRAFÍA



Planetario

G. Thomas
[1930], París
Madeira, latón, vidro
65x48 cms.

Rede Mupega
IES Eusebio da Guarda (A Coruña)
D2011/8

Velaquí un exemplo de material importado, procedente de Francia. Este dispositivo presenta a particularidade de poder ser accionado mediante unha chave e reproducir o movemento dos planetas arredor do sol, e da lúa arredor da terra, a través dun traballado conxunto de engrenaxes.

Foi realizado pola empresa G. Thomas (1880-1930), que durante os seus 50 anos de existencia se especializou na edición de textos e na confección de esferas terrestres. Podemos establecer a datación case exacta da peza, xa que o planetario amosa un total de nove planetas, incluído Plutón, descuberto polo astrónomo estadounidense Clyde William Tombaugh en 1930, ano coincidente co peche da fábrica parisiense. En Galicia consérvase un planetario semellante, aínda que anterior, na colección visitable do IES Xelmírez I de Santiago de Compostela¹⁴.

14 Sisto Edreira (1999: 88)



El cielo visto desde la latitud de España

Manuel Yradier
1920, Madrid
Cartón e madeira
48,5x1 cms

Fondo Mupega
6199

O planisferio celeste é un sinxelo instrumento que permite identificar as constelacións na esfera celeste ao longo do ano. Consta de dous discos unidos polo centro, o posterior que conta coas estrelas impresas, e o anterior opaco, agás unha ventá elíptica que permite seleccionar o anaco de ceo visible no momento escollido.

O de Manuel Yradier ten ademais unha vocación claramente didáctica, xa que no dorso da carta celeste xunta un amplo texto impreso a dúas columnas que explican como empregala.



Telurio

Dalmau, Carles, Plá

c.a. 1917, Barcelona
Latón, vidro, madeira e papel
35x14x40 cms

Rede Mupega
IES Sánchez Cantón (Pontevedra)
RM13

BIBLIOGRAFÍA:
MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA (s.d.: 13)

O telurio é un simulador mecánico dos movementos da terra e as súas posicións ao respecto do sol e a lúa. O obxectivo deste tipo de mecanismos era dobre. Por unha banda, servir de apoio á presentación didáctica da teoría heliocéntrica, e por outra presentar un elemento máis da mecánica de precisión, desenvolvida en boa parte pola evolución da industria reloxeira, o que se chegou a converter nunha moda entre os séculos XVIII e XIX¹⁵.

Este instrumento permitía reproducir as estacións do ano, o paso do día á noite, as eclipses, etc., polo que era así un elemento moi atractivo para un alumnado que apenas contaba con outros medios distintos ao libro de texto e aos debuxos no encerado que acompañaban as explicacións do profesorado.

15 Orantes de la Fuente (2010:141)



Colección de minerais

Enosa
1972, Madrid
8x7x5 cms c/u

Fondo Mupega
5491

O presente conxunto da casa ENOSA foi deseñado como instrumento didáctico para a observación e a experimentación con rochas na Área de Experiencia de Ciencias da Natureza, dentro do plan de estudos resultante da Lei Xeral de Educación de 1970, que deu lugar á Ensinanza Xeral Básica (EXB).

Acompañando a este grupo, que recolle as tres grandes familias de rochas (as sedimentarias, as metamórficas e as ígneas), xúntase unha pequena colección de nove láminas para o seu estudo microscópico.

ENOSA, como complemento a este material, tiña tamén ao dispor dos centros varias series didácticas de diapositivas sobre petroloxía e xeoloxía¹⁶.

¹⁶ ENOSA (1972: 1)



Colección de fósiles

Distesa
2ª metade do século XX, Madrid
33x5x20 cms

Fondo Mupega
5523

Nas láminas de Xeografía Física os esforzos dirixíanse a introducir ao alumnado no vocabulario básico para a interpretación xeográfica, entre os que destacaban aqueles relativos aos elementos externos da cortiza terrestre perceptibles pola vista. Resultaba habitual que existiran cortes estratigráficos que ofreceran informacións sobre o subsolo -tómese como exemplo o nº 17 do presente catálogo-. Nese espazo facíase necesario mencionar os fósiles.

Esta colección distribuída pola empresa Distesa ofrece dez de pequeno tamaño, algúns deles auténticos, aínda que outros son simples recreacións realizadas en resina.



Colección de tipos de solo

c.a. 1970, s.l.
Vidro e cortiza
18,5x2 cms.c/u

Fondo Mupega
938, 940, 941, 942, 943, 944, 945, 946 e 947

A Edafoloxía estuda a composición e a natureza do solo en relación coas plantas e co seu entorno. Estes tubos de vidro conteñen distintos tipos de mostras de solo (a terra parda podsolizada, o solo margo-arxiloso, o margoso, o pardo avermellado, o pardo areoso, o areoso solto, o vermello do Mediterráneo, a xerorendzina e a seroxem) para podelos levar á aula, sen necesidade de se desprazar aos lugares onde se atopan de xeito natural e, ao tempo, poder percibir todos os matices que serían imposibles de observar a través dun manual.



Apuntamento manuscrito

c.a. 1970, s.l.
Papel
6,5x22 cms.

Fondo Mupega
OAL2012/455

Son varios os testemuños conservados no Museo Pedagóxico de Galicia relativos á preparación das clases por parte do profesorado. Velaquí temos un documento casual e con vocación de efémero, un apuntamento gráfico para a clase de Xeografía que durante décadas se agochoou nas páxinas dun libro, durmindo no andel da biblioteca particular da mestra que o realizou, conservándose deste xeito para a posteridade.

O anaco de papel recolle á esquerda unha anotación sobre as coordenadas: a latitude (a distancia angular entre o paralelo dun lugar e o Ecuador) e a lonxitude (a distancia angular entre o meridiano dun lugar e o de Greenwich). Na dereita, as posicións xeográficas: as antípodas (as zonas diametralmente opostas a un lugar concreto da superficie terrestre), os periecos (as zonas que comparten a mesma latitude, pero cunha separación diametral de 180º), e os antecos (as zonas do mesmo meridiano, pero en latitudes diferentes e co mesmo grao).



a = longitude
b = latitude



A - antipodes
P - poles
a - longitude

Cromo *La deriva de los continentes*

Sociedad Nestlé, A.E.P.A.
1958, La Penilla (Santander) e Barcelona
Papel
6x4 cms.

Fondo Mupega
OAL2012/740

Non todo foi escola durante a infancia. Os espazos e os tempos lúdicos tamén están representados nesta exposición a través da colección de cromos.

Este tipo de estampa, inicialmente fabricada en cartón fino, xorde nos comezos do século XIX da man da editorial alemá Mamelok. Comezará a súa andaina de xeito artesanal e en branco e negro, ata que coa chegada da cromolitografía en 1837 mellorarase a produción tanto no que respecta á cantidade coma á calidade, e que permitirá as presentacións en cor, facéndoo moito máis atractivo e espallándose como un elemento decorativo adherido ás tarxetas, os diarios, mesmo aos aburridos libros de texto escolares que en contadas ocasións contaban con policromía.

Despois viría o coleccionismo, ata o punto de se converter nunha moda infantil, aínda que non era accesible a todas as economías familiares, primeiro mediante a compra nos quioscos, de igual maneira que na actualidade, e máis tarde estimulada polos fabricantes, especialmente do ámbito da alimentación, que os regalaba canda os seus produtos.

Un bo exemplo desta iniciativa comercial é a dos chocolates Nestlé, que comezara a entrega de cromos en 1929 e, despois dunha parada, retoma a promoción a mediados da década de 1950.

A presente peza forma parte da famosa colección *Las Maravillas del Universo* que coñeceu varias series de álbumes. Pertence ao volume III publicado no ano 1958 que, como os anteriores, presentaba uns contidos didácticos dispostos en textos en forma de libro, sendo os cromos as ilustracións que os acompañaban. Os ditos textos estaban realizados por persoal científico e experto nas distintas materias que abordaba. No caso da deriva continental o texto, complementado por un total de dez cromos, foi realizado polo doutor E. F. Bienz.




Tableau Pittoresque des Merveilles de la Nature

Perrot, enxeñeiro xeógrafo

Basset, editor
c.a. 1845, París
Papel
55x69 cms

Fondo Mupega
PR1890

Este raro exemplar de lámina sobre as “marabillas da natureza” inclúe todo tipo de accidentes xeográficos, ás veces mesmo incompatibles nunha situación real. Ten, xa que logo, unha mera intencionalidade expositiva, a modo de mostrario, cun fin didáctico de enumeración do vocabulario xeográfico e de historia natural.

O feito de se tratar dun gravado calcográfico coloreado de xeito manual, confírelle a esta obra un carácter único.

TABLEAU PITTORESQUE DES MERVEILLES DE LA NATURE
PAR PERROY, INGÉNIEUR GÉOGRAPHE.
PARIS, AU SALON, L'AN CINQUIÈME, N° 10, GALERIE.



Tableau pittoresque des merveilles de la nature. Description of the various natural wonders depicted in the painting, including the volcano, the mountains, and the various geological formations. The text is organized into five columns.

Diorama xeomorfolóxico

2ª metade do século XX, s.l.

Resina

16x64,5x44,5 cms.

Fondo Mupega

PR 852

A didáctica da Xeografía Física implicaba a necesidade de reproducir os accidentes de terreo e os fenómenos naturais e así ofrecerlle ao alumnado un vocabulario xeográfico básico a través dos inevitables libros de texto ou, no mellor dos casos, das láminas impresas. O uso do diorama, máis actual, permite un acceso atractivo e práctico a esta nomenclatura especializada.

Encadrado dentro dos recursos didácticos tridimensionais -xunto cos modelos, os espécimes e as maquetas-, pode ser realizado polo profesorado ou o propio alumnado como actividade da aula, ou adquirido a algunha empresa especializada en material escolar. Este, de orixe comercial, ofrece un total de 119 accidentes ou elementos diferenciados, debidamente numerados, suxerindo que probablemente existira algún folleto complementario coas correspondencias entre os números e as palabras que designan os distintos accidentes ou fenómenos.



19

Cuadro de Geografía Física

Faustino Paluzié y Tallé

[1880-1901], Barcelona
Papel, tea, madeira
118,5x88 cms.

Fondo Mupega
1339

O *Cuadro de Geografía Física*, especializado nas augas continentais e mariñas, amosa os accidentes xeográficos producidos pola súa acción. Xa aparece no catálogo da casa Paluzié de 1880, no que se anuncia dicindo que "contén o debuxo e explicación das diferentes denominacións das partes da terra e do mar inmediatas a ela"¹⁷.

No ángulo inferior dereito, un plano representa o debuxo alzado, de maneira que o alumnado poida aprender tamén a interpretar un mapa mediante a comparación de ámbalas dúas representacións.

20

Fotografía escolar ante o Cuadro de Geografía Física de Paluzié

[c.a. 1955, Cariño]
Copia dixitalizada

Fondo Mupega
PR1891



17 Paluzié (1880: 47)

CUADRO DE GEOGRAFIA FISICA. POR D. FAUSTINO PALUZIE



LEE DEL AUTOR DIPUTACION. 421 BARCELONA

Planisferio político / Densidad de población Distribución das razas humanas

F.T.D.
c.a. 1950, [Barcelona]
Papel, tea
18,5x22 cms.

Fondo Mupega
CE2012/645

Velaquí tres curiosos mapamundis políticos concentrados nunha soa folla. O superior é un *planisferio político* que agrupa a superficie terrestre por bloques coloniais, coa indicación da latitude e da lonxitude. É, pois, un bo exemplo dun dos bloques temáticos dentro dos contidos da Xeografía Política: as formas de goberno.

Inserido no seu ángulo inferior esquerdo outro máis pequeno de temática demográfica: a densidade de poboación do planeta.

O inferior distribúe esta por trazos fenotípicos dun xeito moi global e xeneralizado. Este terceiro mapa permítese a licenza de duplicar ao leste e ao oeste os continentes asiático e oceánico, para así poder integrar todas as figuras dun xeito máis folgado.



CARTOGRAFIA F. T. D.



Geografía. Segundo Grado

F.T.D.

Editorial F.T.D.
1929 (13ª ed.), Barcelona
Papel, enc. holandesa sinxela, tea
76 pp.

Fondo Mupega
BIB-10195-MAN-LGR

Se no tránsito entre os séculos XIX e XX é posible atopar nas representacións gráficas dos territorios algúns enfoques que colocan a Europa como centro, detectar as ideoloxías etnocéntricas nos textos escolares resulta unha cuestión sinxela. A Xeografía Política ou Humana era un terreo aboado para este tipo de visións. Así, o contido deste libro divide os pobos entre os cultos, os bárbaros e os primitivos, logo de establecida a gradación en función dun suposto maior desenvolvemento na lexislación, as ciencias, as artes, o comercio, etc.

Acompañan ao texto unhas fermosas ilustracións en cor, cunha edición moi coidada para ser un libro escolar, xa que o habitual era empregar unha, ou como moito dúas tintas coa intención de abaratar os custos. A primeira delas é unha exposición das variedades fenotípicas humanas, estereotipadas e identificadas de maneira acientífica como as *razas*. A segunda, un pequeno mapa coa súa distribución polo mundo, no que podemos ver o hemisferio norte onde se atopaban as metrópoles, co dobre da proporción ao respecto do hemisferio sur, onde se atopaban as colonias, proxección moi frecuente e que forma xa parte da nosa imaxe do mundo.



FIG. 12.—Tipos de raza blanca (Indogermánico) (Sesifita europeo) (Caucazo blanco) R. negra (Caucazo negro) R. amarilla o mongólica R. malaya o acitunada R. cobriza o americana (Australiano) Raza negra o africana (Negrido)

Lección 17. — GEOGRAFÍA HUMANA

106. Geografía humana. — *Geografía humana* es la que estudia las actividades humanas y las influencias recíprocas entre la Tierra y el hombre.

107. Razas. — Todos los hombres descienden de Adán y Eva; no obstante, los individuos de la especie humana que pueblan actualmente las diversas regiones del globo presentan varias diferencias características. Por el color pueden dividirse en tres razas principales: *blanca, amarilla y negra* y dos secundarias: *cobriza y acitunada*.

108. Cultura. — Por el grado de cultura los pueblos se dividen en *cultos, bárbaros y primitivos*.

Son *cultos* aquellos pueblos que, sumidos a sabias leyes, cultivan las ciencias y las artes, practican el comercio y aspiran, mediante la educación, al mejoramiento de costumbres.

Los *pueblos bárbaros* están atrasadísimo en las ciencias y en las artes; más que por leyes están regidos por los caprichos de los gobernantes; el robo y la piratería están conaturalizados en ellos y no respetan el derecho ajeno.

Son *primitivos* aquellos pueblos que viven aún en un deplorable estado de degradación; poseen tan sólo ideas confusas de religión; desconocen algunos vínculos sociales y no respetan a los prisioneros que hacen en sus invasiones guerras. Vulgarmente, aunque con impropiedad, llámanlos *sabajes*.

109. Lenguaje. — Entre las facultades más preciosas con que el Soberano Artífice adornó al hombre figura el don de la palabra o *lenguaje*, mediante el cual comunica a sus semejantes sus ideas y pensamientos. El conjunto de sonidos o palabras que para ello emplea se llama *idioma o lengua*.

110. Religión es el conjunto de creencias y deberes que el hombre tiene para con Dios.

Todas las religiones que existen en el mundo pueden reducirse a dos grupos: religiones *monoteístas* y *politeístas*, según que en ellas se adora a un *solo Dios* o a *varios*.

La única religión verdadera es la *católica apostólica romana*, que reconoce por cabeza al Papa y cuyo fundador es *nuestro Señor Jesucristo*, único Salvador del Mundo. De ella se

separaron los *simulacros*, los *protestantes* y otras sectas heréticas. También son monoteístas el *islamismo* y *judaísmo*.



DISTRIBUCIÓN DE LAS RAZAS

Palestina. Gráfico de la vida de Jesús y año litúrgico.

Lamberto Font

I.G. Seix y Barral Hnos., S.A., editores
1943, Barcelona
Papel, tea, madeira
118,5x88 cms.

Fondo Mupega
CE2012/149

A Xeografía Política contemplaba tres eixos que podemos considerar chave: os sistemas de goberno, as razas e as relixións. Este mapa é un testemuño dunha época onde a prevalencia da relixión cristiá nos contidos sobre as outras crenzas era máis que palpable.

Nos textos das editoriais católicas, podía ser común o feito de que no estudo do continente asiático se dedicara algún espazo a Palestina ou á Terra Santa, por tratarse do lugar onde se desenvolveu a vida de Xesús de Nazaret.



Nuevo Mapa-Mundi Planisferio

Establecimiento Xeográfico e de Cromolitografía de J. Dosseray
Gadola y Cía, Sucesores
[1898-1905], París
Papel
80,5x111 cms.

Fondo Mupega
PR1892

Este mapa está realizado na proxección cilíndrica proposta en 1569 polo cartógrafo flamenco Gerard Kremer, máis coñecido co seu nome latinizado de Mercator, de quen recibe o seu nome. Obsérvese como Groenlandia é practicamente do mesmo tamaño que África, cando a súa extensión real é cinco veces menor ca do continente, o que axuda a calibrar a distorsión que sofre.

Aínda que foi editado en Francia, está escrito en castelán e ofrece unha abondosa información complementaria. En primeiro lugar, unha selección de moedas que enmarcan o planisferio -un recurso moi do gusto de J. Dosseray nas súas publicacións, que denota un certo *horror vacui*-, presentadas polo editor como “as das máis importantes nacións”, sendo estas na maioría europeas, como sería de esperar en pleno auxe da colonización protagonizada polo vello continente.

Completa a información no seu cuarto inferior cuns fermosos gravados de contido físico, coas principais montañas do mundo e un corte teórico da cortiza do globo.

Aínda que non consta a data de edición, podémolo situar entre o ano 1898, cando Yukón entrou a formar parte da Confederación de Canadá, e o ano 1905, momento no que Rusia perde o territorio de Manchuria.



Chuletas de Xeografía

c.a. 1950, s.l.
Papel
16x5,5 cms c/u

Fondo Mupega
OAL2012/465

Queirámolo ou non, as *chuletas* forman parte da cultura escolar, sexan en papel, en cartolina, ou tendo como soporte un bolígrafo ou calquera outro elemento que poida estar presente sobre unha mesa de exame.

A tipoloxía é moi diversa. De feito, presenta tantas variedades como permita a imaxinación da persoa que a confecciona. Pero a característica común a todas elas é que deben proporcionar información precisa e facelo ademais discretamente. O espazo adoita ser reducido, polo tanto trátase de "manuais en miniatura" que reflicten a capacidade de síntese do produtor ou produtora.

Estes pequenos compendios de sabedoría xeográfica recollían, en concreto, os datos sobre as unidades de relevo dos distintos continentes. O feito de que aparecieran entre outros obxectos conservados por un mestre fan sospeitar que, se ben tiñan a vocación de cumprir coa súa función informativa, a discreción non foi a desexada.

Relieve de Europa - Presente y Zonas:

Al N.O. Montañas Antiguas, de relieve gastado, como en los Montes Escandinavos y de Escocia.

Al N. una GRAN LLANURA desde Francia a la URSS, por Alemania y Polonia.

Al centro mesetas y marizos antiguos, como el macizo central Francés y la meseta de Bohemia.

Al S. Montañas Jóvenes, algunas en Cordilleras, como en Pirineos, el Jura, los Alpes, los Apenninos, los Cárpatos y los Balcanes.

Clima. Es en general templado se distinguen 4 zonas climáticas: mediterránea cálida y con lluvias de primavera y otoño, la atlántica, moderada y húmeda, la continental, de temperaturas áridas estacionales, y la fría.

Relieve de Asia - 4 Zonas:

Al N. una gran llanura, la de Siberia, que se extiende de Europa hasta el Pacífico. La limitan por el S.E. algunas altas cordilleras montañosas como el Tianshan, Monte Celestes y el Altai, los Montes Yablunoi y Stanovoi.

Al E. de ella se extiende una gran depresión, que comprende las dos Turquestanes y la meseta de Mongolia ocupada por el desierto Gobi.

En el centro zona de Alto relieve de montañas jóvenes y grandes mesetas: Cáucaso y la meseta de Armenia al O., Hindú y Tibet. Centro, los montes de Birmánia, China al E. El Tibet está limitado al N. por los montes Kuenlun y al S. Himalayas con el Everest (8848 m).

Al Sur tres grandes montes: Arabia, Irán, y la India.

Clima, muy variado pues se dan todas clases de clima.

Relieve de América - Correlación

del relieve Americano - La disposición general de sus montañas y llanuras es semejante a las fajas orientales de N. a S.

Al E. montañas y mesetas antiguas, en el centro grandes llanuras aluviales; al Oeste, altas montañas y montañas jóvenes.

La parte occidental de A. del N. está formada por una gran meseta de rocas antiguas, la meseta del Labrador; al S. se elevan los montes Apalaches. En el centro se extiende una amplia zona de llanuras que en el N. llaman canadienses, se inclinan hacia el Oeste, y en el S. la depresión del Misisipi, hacia el Golfo de México.

En la zona occidental el relieve se eleva considerablemente. Sobre las llanuras centrales se erguen las Montañas Rocosas, con picos como el Mt. Kinley (6187). Después de las Rocosas se extienden sucesivas mesetas separadas del Pacífico por una segunda serie de montañas, la Cordillera de la Costa, la Sierra Nevada, y las Sierras Madres de México.

En América del S. la parte oriental presenta una serie de mesetas que llegan hasta el mar, formadas por rocas muy antiguas y de relieve suave, como las Guayanas, la Meseta Brasileña, y ya en el E. la de Patagonia.

En el centro se extiende, de N. a S., una serie de dilatadas llanuras, cortadas en gran parte por alturas bajas de los ríos, que sólo se diferencian por el clima y la vegetación, como la llanura del Orinoco, la del Amazonas, la del Chaco y las Pampas. En la parte occidental el relieve es más vigoroso se levanta una de las cordilleras del mundo: los Andes.

Fotografía escolar con mapa de Europa

Balbino Pérez Fernández, "Pérez"

15 de xullo de 1965, Remourelle, Ribadeo (Lugo)

Papel fotográfico

7,5X10,5 cms.

Fondo Mupega

FA00020

A vara sobre o mapa representa esa antiga escola onde cunha rítmica cadencia se repetían os nomes dos principais accidentes xeográficos ata quedaren rexamente suxeitos aos recunchos da memoria.

Esta fotografía forma parte dunha colección entregada á mestra Amadora Fraga Bello no día da súa xubilación, no verán de 1965. Cada neno, cada nena, tiña o seu retrato nunha localización do interior ou do exterior da escola, realizando diversas actividades e acompañado de cadansúa lenda. Deste xeito, o alumnado facía unha homenaxe de admiración e respecto á profesora que os acompañara durante tantos anos na escola de Remourelle.

O alumno retratado ante o mapa de Europa regálalle, canda a foto, unha expresiva dedicatoria nun castelán bicado pola lingua nai: "Todo el mundo para *ustede*".

Balbino Pérez Fernández, "Pérez" (n. Vilamartín, Barreiros, Lugo, 1932), foi o primeiro fotógrafo en abrir un laboratorio industrial de fotografía a cor en Galicia, radicado en Ribadeo.



Mapa de Europa

José Paluzié y Lucena

Establecimiento Editorial de Hijos de Paluzié
1914, Barcelona
Papel, tea, madeira
122x165 cms.

Fondo Mupega
2420

Este mapa amosa a situación das fronteiras europeas na antesala da I Guerra Mundial (1914-1918): Alsacia e Lorena e a cidade de Dantzig en territorio alemán, así como Prusia Occidental e a Posnania; a existencia do Imperio austro-húngaro, etc. Un panorama que mudaría logo de rematada a Gran Guerra cos Tratados de Versalles e Sain-Germain de 1919. Forma parte da colección completa de mapas escolares da editorial de Faustino Paluzié conservada no Museo Pedagóxico de Galicia.

O autor, José Paluzié y Lucena (1860-1938) era fillo do mencionado editor, e neto do fundador da empresa familiar, o pedagogo Esteban Paluzié -véxase o nº 6 deste catálogo-. Compaxinou o seu traballo editorial e a confección de mapas -era un enxeñeiro de formación- con outra das súas paixóns, o xadrez, sendo un dos grandes tratadistas españois deste deporte.



Mapa de África

José Paluzié y Lucena

Establecimiento Editorial de Hijos de Paluzié
1914, Barcelona
Papel, tea, madeira
168x126 cms.

Fondo Mupega
2419

A casa Paluzié tiña a tradición de editar os mapas escolares desde os seus inicios. Uns mapas que se irían actualizando en función dos cambios políticos que se sucedían, de maneira que cada un deles vai ser unha foto fixa do momento no que lles toca nacer.

Cada xeración desta familia de editores realizaría a súa propia cartografía. Así, os primeiros do patriarca da empresa, Esteban, iranse cambiando polos realizados polo seu fillo Faustino. O catálogo de 1880 ofrece os mapas trazados por este e, entre eles, un de África “en 6 pliegos iluminados marca mayor”, que contén “as divisións de cada reino ou estado, ríos, montañas, etc.”, de 1,35x1,09 metros¹⁸. O realizado por José Paluzié, xa a finais do século XIX e reeditado nos primeiros anos do XX, será de maior tamaño. O seu uso didáctico queda evidenciado polo pequeno mapa de España na súa parte inferior, coa mesma escala do africano, que lle permite ao usuario da carta percibir o tamaño do continente a partir dunha referencia máis familiar.

Convén destacar a mención da lenda inferior esquerda ao Congreso Internacional de Washington de 1884, tamén coñecido como Conferencia Internacional do Meridiano, por ser onde se determinou o establecemento do meridiano de Greenwich como estándar internacional para a lonxitude cero graos.

18 Paluzié (1880: 45)



Mapa de Asia Físico

Georg Westermann

Westermann Verlag
1965, Brunswick (Alemaña)
Papel, tea, madeira
220x220 cms.

Fondo Mupega
1201

Este mapa de gran formato é parte da colección da editorial Westermann, unha empresa alemá creada en 1838 en Braunschweig (Brunswick), aínda existente. Toma o seu nome do seu fundador, Georg Westermann (1810-1879) e fíxose moi famosa pola edición de atlas, tanto xeográficos coma históricos, especialmente os de uso escolar.

O feito de que algúns mapas non dispuxeran da información escrita posibilitou a súa difusión por outros países de fala non xermánica. O seu gran tamaño outorgáballe un valor engadido, xa que nas aulas da EXB, que se podían aproximar ao medio centenar de alumnos e alumnas, facían accesible o recurso gráfico ao alumnado que se atopaba máis afastado.

Clase de Xeografía na Anexa de Ourense



c.a. 1976
Copia dixitalizada

Fondo Mupega
PR1893



Nueva Esfera Terrestre

J. Forest

Forest Editor
1929, París
Escaiola, madeira, latón, papel
64x25x37,5 cms.

Fondo Mupega
194

Xunto co mapa, a esfera ou globo terrestre é o outro elemento case imprescindible na iconografía da escola. De feito, mesmo o gran debuxo que cobre a fachada do Museo Pedagóxico de Galicia recolle esta tipoloxía pola súa representatividade e forza evocadora.

As primeiras referencias a unha representación da terra en forma de bóla atribúense-lle ao grego Pitágoras (século VI a.c.), aínda que a súa evolución se producirá a partir do Renacemento, cando se redescubra a esfericidade do planeta e se comece a desenvolver a cartografía científica. En 1507, o cartógrafo alemán Martin Waldseemüller publica por primeira vez un mapa impreso dividido en doce fusos ou segmentos, coa finalidade de adherilos nas esferas.

Xa no que respecta a esta peza en concreto, está formada por doce fusos como o de Waldseemüller, aínda que truncados para deixarlle o espazo aos polos, que constitúen unhas pezas circulares separadas. O autor é J. Forest, construtor de globos para o ámbito escolar e doméstico no paso do século XIX ao XX. O seu obradoiro estaba en París, desde onde exportaba o material traducido en inglés ou español, como este exemplar.



Relieve de Oceanía

Oros, S.A
[1942-1943]
Escaiola, madeira, papel
84x106 cms.

Fondo Mupega
PR1027

No que se refire á tipoloxía dos mapas desde un punto de vista formal, os editados en relevo son unha variante de seu.

Os máis antigos, coma este, realizábanse en escaiola. As informacións gráficas pintábanse sobre a superficie policromada, ou ben, como se pode observar, adherindo uns papeis impresos. Outros materiais, como as resinas e os plásticos, iranos facendo desaparecer, sobre todo no campo comercial, xa que se trataba duns materiais moi delicados e nada difíciles de seren estragados. Os novos soportes permitirán unha manipulación menos coidadosa, o que facilitará a súa introdución no mercado escolar.

Este é un curioso mapa da zona do Pacífico, realizado no período da Segunda Guerra Mundial, como se pode deducir pola propia disposición do conxunto -co sueste asiático e América do Norte- e o feito de que as Illas Marshall figuren no territorio xaponés.



Amerique du Sud Politique


Liceo Janson de Sailly
c.a. 1960, París
Lámina en thermoform
50x39,5 cms.

Fondo Mupega
PR1894

Dentro das axudas técnicas que se desenvolveron para as persoas cegas e con discapacidades visuais no ámbito da Xeografía están os mapas físicos ou políticos en relevo, que teñen en conta o sentido do tacto. Para iso, utilízase unha máquina duplicadora de thermoform, que reproduce calquera gravado en papel plastificado, mediante unha técnica de formación de baleiro.

Será en Francia cando a mediados do século XX se comecen a publicar unha colección de mapas continentais físicos e políticos¹⁹, que se espallarán por toda Europa. Este mapa de América do Sur Político pertenceu ao C.R.E. Santiago Apóstolo de Pontevedra.

¹⁹ García e Ruíz (2010: 3)



Mapamundi político

Librería y Casa Editorial Hernando
1971, Madrid
Papel, tea, madeira
90,5x116 cms.

Fondo Mupega
PR2133

A proxección elixida para este mapamundi político é a de Goode, homolosena ou interrrompida, tamén coñecida popularmente como "de casca de laranxa", pola semellanza coa codia desa froita cortada -ou calquera outro volume esférico- á que se lle tenta estirar sobre unha superficie plana.

Non se trata dunha proxección común entre os mapas amosados nesta exposición, por ser creada en 1923.

A editorial Hernando foi fundada en 1828 polo mestre Victoriano Hernando (1783-1866). Tivo unha longa vida, durante máis dun século e medio. Con varias transformacións polo camiño, a empresa manterá o nome de Librería y Casa Editorial Hernando desde 1924 ata o seu peche definitivo en 1985.



Nuevo mapa de España y Portugal y de sus colonias

J. Dosseray (ed.)
1898, Bruxelas
Papel, tea, madeira
82,5x126 cms.

Fondo Mupega
PR1899

Mapa publicado por J. Dosseray, un editor cartográfico de Bruxelas que xa na década de 1870 facía diversos traballos impresos. Nos anos anteriores ao cambio de século, comezará a realizar traballos en castelán, como o *Nuevo Mapamundi-Planisferio -nº 24* deste catálogo- ou o *Nuevo mapa-mundo planisferio ilustrado con los más notables monumentos de España y Portugal señalando las divisiones físicas y políticas de la Tierra y las Colonias de los Estados de Europa, así como las épocas de los principales descubrimientos*, editado nos anos 1893 e 1900.

Os mapas de Dosseray adoitan ter dúas características, unha de tipo comercial, que destacan nos títulos o seu carácter de novo, e outra de tipo formal, xa que están enmarcados por algún tipo de información allea á propia carta: aquí os escudos das capitais de provincia co título outorgado ás cidades, e noutros casos as moedas, por exemplo.



Mapa escolar de las principales riquezas agrícola y pecuaria de la Península Ibérica

Alberto Blanco Roldán

Dalmau, Carles Pla, S.A.
c.a. 1940, Girona, Madrid
Papel, tea, madeira
112x153,5 cms.

Fondo Mupega
2190

Blanco Roldán edita en 1919, sendo profesor na Escola Normal de Mestres de Guadaluaxara, un *Mapa de producciones de la Península Ibérica*, polo que gaña o primeiro premio na Exposición de Xeografía de Sevilla²⁰. Contemporaneamente, publica un libro titulado *El dibujo libre y espontáneo de los niños y su relación con la inteligencia*, no que defende a importancia do debuxo no desenvolvemento do alumnado, e que o coloca dentro do grupo dos primeiros tratadistas españois sobre o debuxo na escola²¹.

Non é aquel o primeiro mapa realizado polo profesor Blanco. Xa en 1901 aparece citado o *Mapa escolar de las principales riquezas agrícola y pecuaria de la Península Ibérica*²², do que se ofrece unha edición moi posterior, proba do aprecio co que contaba entre o persoal docente. O mapa presenta dun xeito moi atractivo a relación, en palabras do propio autor, “entre os medios (edáfico e climático) e as producións agrícola e pecuaria”, invita o profesorado que o emprega a “partir do feito (producións principais de cada rexión natural) e inducir as súas causas”, e promóveo como “un método axeitado para a formación do espírito reflexivo (científico) en materia xeográfica”.

A carreira deste profesor continuará na Escola Normal de Mestras de Málaga, do que será secretario dende 1918²³. Durante a ditadura de Primo de Rivera será concelleiro nesta mesma cidade. No momento do golpe militar do xeneral Franco e nos anos seguintes, atópase como profesor de Organización Escolar na Normal de Melilla, a vila onde tamén exercerá os cargos de subxefe de prensa e propaganda da Falanxe, e xefe local dos “Flechas”. Nesta cidade será sancionado polas dilacións formuladas contra o director da Normal, coa finalidade de se postular ao seu posto, aproveitando o proceso de depuración aberto contra o profesorado sospeitoso de non ser permeable ao novo réxime que comezaba²⁴.

²⁰ *El Defensor de los Maestros* (1919: 289)

²¹ Cuenca Escribano (2009: 336)

²² *Boletín de la Real Sociedad Geográfica* (1901: 428)

²³ Diario ABC, mércores 13 de xuño de 1998, 18.

²⁴ Martín Zúñiga e Grana Gil (2014: 475)



España. Mapa político / Mapa Físico

Seix Barral
1973, Barcelona
Papel
95x113 cms.

Fondo Mupega
2079

Nos anos 70 a editorial Seix Barral, fundada polos irmáns Carlos e Luis Barral, e o seu socio Victoriano Seix, só mantíña os seus vencellos co mundo educativo a través da edición de mapas escolares. Este mapa, pertencente a unha das coleccións máis completas e espalladas nas aulas de Galicia, está impreso polas dúas caras, unha delas dedicada ao mapa físico, e a outra ao político. Neste último, que é o obxecto da mostra, reflicte a España do tardofranquismo, isto é, a España das rexións, moitas delas extintas ou reconfiguradas pola nova realidade que chegaría coa democracia: a España das Autonomías.

Cabaz

La Corona
c.a. 1950, Barcelona
Madeira, ferro
21x26x8 cms.

Fondo Mupega
PR1052

O cabaz forma parte do enxoval da escola, non como elemento didáctico de seu, senón como complemento asociado á vida do alumnado. Empregábase para gardar e transportar os útiles escolares e é frecuente ata a década de 1970, cando se popularizan as carteiras a través da publicidade dunha televisión que comeza a entrar en tódolos fogares e estimula os hábitos de consumo da nova clase media que neses momentos estase a consolidar.

En décadas anteriores xa había carteiras, aínda que eran usadas en exclusiva polos nenos, polo que o cabaz quedaba para uso das nenas. Por tanto, estes dous complementos acaban sendo, en certa medida, uns atributos de xénero²⁵.

Aínda que os motivos decorativos son moi variados, case sempre son lúdicos e alleos ao mundo escolar. Neste cabaz pertencente á colección do Mupega, a ornamentación cumpre ademais unha función pedagóxica, ao amosar na súa tampa un mapa coas provincias de España.

25 Gómez García (2006: 334)



España Mapa pedagógico

Gregorio Cayuela Martínez

1954, Madrid
Papel, madeira
95x113 cms.

Fondo Mupega
PR219

Non só eran as editoriais as que lle proporcionaban os materiais ás escolas. Existían ademais a autoedición e a creación de recursos didácticos comercializados pola iniciativa particular do profesorado.

O *Mapa Pedagógico de Cayuela* é unha boa mostra disto. Dun xeito ameno, a través dun mapa-crebacabezas que debía ser montado polo alumnado, podía-se percorrer toda a xeografía española, recoñecendo as distintas provincias e a forma do seu territorio por medio das pezas -non conservadas- que deben ser colocadas no seu lugar exacto. O mapa atópase profusamente ilustrado coas catedrais presentes en cadansúa provincia e coas imaxes estereotipadas dos produtos característicos e das vestimentas tradicionais.



España

Mapa-encerado mudo de España e Portugal

D.C.P. [Dalmau, Carles i Plà]

c.a. 1930, [Girona]

Papel, tea, madeira

95x113 cms.

Fondo Mupega

2416

Os mapas-encerado, ou *apizarrados* -na nomenclatura en castelán empregada polas distintas casas editoriais²⁶- normalmente realizados en hule ou “tea de saco”, eran sempre uns mapas mudos, e habitualmente ofrecían só o contorno do país, aínda que neste caso concreto engada os principais ríos da Península Ibérica e os puntos que marcan as distintas capitais das provincias españolas.

Estaban deseñados para poder escribir sobre eles con xiz de cores. Deste modo constituían un estupendo recurso didáctico na aula, xa que ademais de facilitarlle ao profesorado unhas explicacións máis dinámicas, permitían sobre todo a participación e a interacción do alumnado co material, máis aló da simple enumeración memorística dos accidentes xeográficos, como se adoitaba traballar.

Esta tipoloxía é temperá. Ernesto Levasseur²⁷ testemuña que un editor de París comunicáralle que el xa tiña anunciado no seu catálogo un mapa destas características en 1834, aínda que probablemente se referira a un encerado de seu, co mapa gravado na súa superficie, e non un mapa brando, como o que aquí se presenta, producido nos obradoiros da editorial Dalmau, Carles i Plà de Girona.

Tamén hai unha variante desta modalidade, que son as esferas-encerado, que seguen o mesmo sistema de superficie co fondo negro sen ningún tipo de figuración, que queda a expensas da creatividade e destreza do profesorado e o alumnado.

²⁶ Véxase o catálogo da empresa Cultura, Eimler-Basanta-Haase, S.L. do ano 1932, p. 8, art. Nº 1224.

²⁷ Levasseur, Ernesto (1928:58)



Mapa-Visión

Molde para realizar en relieve el mapa físico-político de España

ENOSA
Década de 1970, Madrid
Silicona
24,5x30 cms.

Fondo Mupega
5835

ENOSA é o acrónimo de Empresa Nacional de Óptica, S.A. Nacida no ano 1950 por instancia do Instituto Nacional de Industria (INI) coa finalidade de fabricar instrumentos ópticos e outros útiles de precisión²⁸, establecerá nas décadas de 1950 e 1960 un consorcio co Instituto Torres Quevedo para realizar os equipos de prácticas científicas destinados aos centros educativos²⁹. A chegada destes materiais, que supuxo a definitiva desaparición dos instrumentos que se conservaban nos institutos dende o século XIX, sería o desembarco de ENOSA no ámbito da docencia, que pouco a pouco irá ampliando cara aos materiais para o alumnado de primaria.

Este molde de silicona é un claro exemplo. Ofrece unha actividade para o estudo da Xeografía cun engadido lúdico: non se trata de estudar un mapa, nin sequera de completalo como un mapa mudo ao uso. Implica a creación dende o principio do material co que contará o alumnado. O seu valor didáctico é, pois, indubidable.

28 Romero de Pablos e Santesmases (2008: 135)

29 Bertomeu, Cuenca, Belmar e Simón (2010: 34)




Plantillas do mapa da Península Ibérica

c.a. 1971, s.l.
Plástico
11,5x15 cms. c/u

Fondo Mupega
CE2014/21

Esta serie de mapas, dunha empresa descoñecida, é unha das moitas que se difundiron durante a década de 1970, ao abeiro da Lei xeral de Educación, un tempo de fichas e actividades personalizadas.

O material, que se dispensaba por separado ou como complemento aos xogos de regra, escuadra e cartabón, mesmo nalgún estoxo escolar, era un cómodo recurso para levar á práctica os coñecementos adquiridos sobre a xeografía da Península Ibérica -o relevo e a rede hidrográfica- ou de España, no caso do mapa provincial. Tamén como elemento decorativo dos cadernos e das carpetas ou para reproducilo nalgún mural en cartolina, tan de moda neses anos da EXB.



Mapa mudo en relevo
Relieves de Geografía
nº1- La Península Ibérica

Carlos Barral, “Capitán Argüello”

I.G. Seix y Barral Hnos., S.A.
c.a. 1975, Barcelona
Cartolina
24x31 cms.

Fondo Mupega
PR1053

Ademais do libro de texto e os mapas murais, a cultura material escolar vaise ver enriquecida a través doutras producións que facilitan un ensino individualizado e práctico.

Neste contexto hai que situar esta peza, procedente da oferta realizada pola editorial Seix Barral que, se ben comezara no ano 1911 como empresa de artes gráficas especializada na edición de libros para o público infantil e xuvenil, vai ir adquirindo co paso do tempo unha deriva cara aos produtos literarios para as persoas adultas, especialmente a partires da década de 1970, coa incorporación de Carlos Barral, que transformou radicalmente a empresa, poñéndoa na elite das editoriais do país-.

Curiosamente, o único vencello que dende ese período manterán co mundo escolar será a edición de mapas. Este, mudo e en relevo, pertence a unha colección que levaba como nome “Capitán Argüello”, o alcume do propio Carlos Barral, tirado do nome dunha embarcación de recreo pertencente ao seu pai, un dos fundadores da empresa.



Mapa hipsométrico de España y Portugal

Federico de Botella y de Hornos

1885, [Madrid]
Escaiola e madeira
74x89x6 cms.

Fondo Mupega
850

Os mapas hipsométricos reflicten o relevo mediante as curvas de nivel que conectan os puntos que se atopan á mesma altura, tomando como referencia o nivel do mar. O feito de presentalo en tres dimensións confírelle un especial valor didáctico, xa que os principais accidentes da Península Ibérica son representados a escala.

Federico Botella y de Hornos (1822-1899) formouse en París no Colexio Real de Minas, onde obtivo o título de enxeñeiro. Tras varios destinos nas minas españolas ascendeu a Inspector Xeral de 2ª clase en 1877. Un ano antes foi nomeado membro da primeira xunta directiva da Real Sociedade Xeográfica de Madrid. Publicou varias obras impresas, entre outras o *Mapas de España y sus antiguos mares, ademais do Mapa Geológico de España y Portugal* (1879) e este *Mapa Hipsométrico de España y Portugal*.




Atlas de España

Editorial Luis Vives
1963, Zaragoza
Papel, enc. rústica
26 láms.; XVI pp.

Fondo Mupega
BIB-02904-REF-ATL

Os atlas, ou coleccións sistemáticas de mapas diversos (xeográficos ou temáticos; universais, nacionais ou locais, etc), existen desde o século XVI. A imprenta romana de Antonio Lafreri realizará en 1570 unha colección de mapas coa figura de Atlas na portada, que dará o seu nome ao nacente xénero.

Contrariamente ao que se poida pensar, o atlas como obxecto de uso didáctico non se universalizou nas aulas do noso país ata a Lei xeral de Educación de 1970, cando as novas didácticas promovidas comportaron a profusión dos materiais de apoio. Isto non quere dicir que non existiran ou non se usaran antes. Unha mostra disto é este *Atlas de España*, da editorial Vicens Vives. Todos os atlas son fillos do seu tempo, e así podemos observar como neste exemplar están representados os territorios de titularidade española no continente africano, poucos anos antes de que España os perdera.



Calco do mapa *Principales redes ferroviarias*

c.a. 1958, s.l.

Papel

8,5x9,5 cms.

Fondo Mupega

OAL2012/557

Nos anos da posguerra, sen fotocopiadoras nin escáner que resolveran a situación, a única opción para realizar un bo debuxo se non se dispuña dun pulso firme e da suficiente destreza era o calco. Moitas persoas que viviron aquela infancia lembran o trazo, non cunha pluma polo perigo real de que a tinta estragara a creación, senón co lapis, marcando ese fino anaco de papel adquirido nunha librería ou no envoltorio interior das caixas dos zapatos.

Este calco do mapa das principais liñas ferroviarias españolas foi localizado canda o seu orixinal, entre as páxinas da *Enciclopedia Estudio* editada pola editorial Dalmáu, Carles, Pla³⁰. A meirande parte das enciclopedias escolares publicadas na época contaban con pequenos mapas de España -outras realidades obviábanse- en branco e negro, coma os deste exemplo, aínda que ás veces proporcionaban algún a toda páxina, a única concesión á cor.

30 Pla-Dalmáu (1958: 367)

Caderno de rotación

Alumnos da escola de nenos de Cuiña

1957-1958, Santa María de Cuiña, Oza-Cesuras (A Coruña)

Papel, enc. holandesa sinxela, tea

200 pp., sen fol.

Fondo Mupega

PR1905

Entre os distintos tipos de cadernos, máis concretamente entre os producidos polo alumnado, están os chamados de *rotación* ou de *colaboración*. A idea dun material de aula realizado de xeito colectivo respectando unha quenda procede de Francia (o chamado *cahier de roulement*), e pódese situar a súa presenza en España desde a década de 1920, coa prolongación do seu uso durante a II República e a ditadura franquista.

Os obxectivos do caderno de rotación son varios, e entre eles destaca o desenvolvemento da destreza escritora. Pero é tamén unha canle de transmisión de coñecementos nun momento no que os manuais en ocasións eran escasos³¹. Dependendo da etapa histórica na que nos atopemos, o tipo de contidos difiren de maneira patente. Así, se na escola republicana prevalecen os conceptos relativos á cidadanía e á tolerancia nun contexto laico, na ditadura desenvolveranse as consignas patrióticas cun claro fondo relixioso católico.

Este caderno de rotación procede dunha escola situada na parroquia de Santa María de Cuiña a mediados do século XX, xa que logo nos anos centrais do nacionalcatolicismo. E, como non podía ser doutro xeito, o territorio nacional forma parte das temáticas recorrentes neste tipo de materiais, ofrecendo neste caso as distintas "rexións naturais" españolas.

31 Escolano Benito (1998: 308)

Regiones naturales de España.



Las regiones naturales de España son:
Región septentrional, Meseta central, Valle del Ebro, Región catalana, Región levantina, Región meridional y las Regiones insulares.

Galicia. Mapa Físico / Mapa Político

Akal Editor
1979, Madrid
Papel
124x93,5 cms.

Fondo Mupega
CE2012/168

Despois da edición da *Carta Geométrica* de Domingo Fontán haberá que esperar ata o século XX para falar dun renacemento da cartografía do territorio galego, liderado polo Instituto Geográfico Nacional (IGN), que en 1975 iniciará o Mapa Topográfico, a escala 1/25.000, e realizará un mapa de Galicia nunha única folla, a escala 1/200.000. Aparecerán ademais outras moitas iniciativas como o *Mapa de límites de las Parroquias de Galicia* ou o *Mapa de los mercados periódicos de Galicia*, da Universidade de Santiago, e o *Mapa físico-político de Galicia* da editorial Sálvora³².

En 1979 a editorial Akal, tomando como fonte o IGN, presenta este mapa de Galicia de ampla difusión, impreso a dúas caras -o mapa físico e o político, respectivamente-, que ten como característica salientable o seu respecto pola toponimia galega, un aspecto que fora desprezado nas décadas e séculos anteriores.

32 Pérez Fariña (1996: 35)



Fotografía escolar con mapa de Galicia

Laboratorios fotográficos E. Utrilla (Valencia)

1948-1949, O Barqueiro, Mañón (A Coruña)
Copia dixitalizada

Fondo Mupega
FA20030322

Nunha época, a nosa, na que perpetuar os momentos e os espazos a través dunha instantánea constitúe un acto habitual, pode resultar difícil pensar noutro tempo no que a maior parte da poboación a penas contaba ao longo de toda a súa vida cunha media ducia de testemuños gráficos. Ademais do bautizo, a primeira comunión, o servizo militar, o matrimonio, mesmo o momento da morte e as fotografías de estudo presentes naqueles fogares que suspiraban pola ausencia dalgún membro da familia emigrado, tamén se inmortalizaba o paso pola escola.

A fotografía escolar pódese considerar un xénero de seu. Ademais das fotos de grupo, habitualmente a instancia do persoal docente, xorde a demanda dos retratos individuais. Contrariamente ao que sucede con outro tipo de retratos non espontáneos, realizados nos estudos fotográficos, é o profesional quen se despraza para realizar o servizo. O autor desta instantánea, E. Utrilla, procede de Valencia, e consta que ademais de na súa cidade e en Galicia, traballa polo menos en Andalucía -anos 50- e Asturias -anos 60-. O prezo ao que vende cada copia é de dez pesetas, e a maneira que a clientela tiña de conseguir as novas copias era a través do propio centro educativo ou do propio axente do laboratorio, que as entregaba a domicilio.

É na propia escola onde se habilita un curruncho que funciona como improvisado estudo. Os motivos raras veces varían, como tampouco o fai o material do que dispoñen as escolas: a nena ou o neno, sentados nunha cadeira, portan unha enciclopedia escolar nas mans, apoiados sobre unha mesa de mestre, raras veces nun pupitre. Sobre esa mesa, ás veces, unhas flores, outras, unha figura relixiosa ou unha esfera terrestre, poida que un teléfono. E de xeito recorrente, nas costas da persoa retratada, un mapa.

A peculiaridade da presente fotografía estriba en que no lugar do habitual mapa de España -mesmo de Europa ou do mundo- a elección do fondo recae no de Galicia, polo que se trata dunha situación pouco frecuente.

CURSO 1948-49



Modelo registrado

Laboratorios fotográficos E. UTRILLA-Los Centelles,10 -Teléfono 18092-Valencia

Escuelas Nacionales

EL BARQUERO (La Coruña)

Lecciones de Geografía e Historia Programa de Geografía e Historia (primeiro e quinto cursos)

Ramón Otero Pedrayo

Imp. y Enc. La Industrial
1936, Ourense
Papel, enc. rústica

Fondo Mupega
PR1901, PR1902, PR1903, PR1904

Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) foi catedrático de Xeografía e Historia do Instituto de Ourense, entre os anos 1921 e 1950, cando ocupa a cátedra de Xeografía na Universidade de Santiago de Compostela. Entre 1937 e 1941 é apartado da cátedra, no proceso de depuración que a ditadura do xeneral Franco impuxera entre o persoal docente considerado desafecto. Así describe as súas clases un dos moitos discípulos naquel instituto que hoxe leva o seu nome:

“Cada mañá, un grupo de nenos de 11 e 12 anos víamos chegar aquel home corpulento, traxado e con sombreiro, con fama de sabio, quen sen un papel, sen un libro, pousaba o sombreiro sobre a mesa, sentaba e comezaba a falar coa elegancia solemne dun personaxe de Shakespeare. De debaixo do sombreiro, como se se tratase dun prestidixitador, parecían saír -e quizais saían- imaxes de paisaxes, citas de escritores, reflexións filosóficas, comentarios sarcásticos, regatos de poesía”³³

Velaquí unha escolma da súa produción como catedrático de instituto, durante o período da II República. Ademais destas publicará, no campo da docencia da Xeografía, as *Treinta y tres lecciones de Geografía Universal* (A Coruña, 1929)³⁴



Ramón Otero Pedrayo co profesorado do Instituto de Ourense

1950, Ourense
Copia dixitalizada

Fondo Mupega
PR1900

³³ Fernández García (2000: 13)

³⁴ Balañas Fernández (1974: 155)

Elementos de Geografía

José Durán y Alonso

Tip. de la Viuda e Hijos de Antúnez
1914 (3ª ed.), Pontevedra
Papel, enc. holandesa sinxela, tea
352 pp.

Fondo Mupega
CE2012/468

Fronte a outros materiais didácticos, o libro de texto era o protagonista indiscutible no ensino secundario. Tamén na formación das persoas que aspiraban a dedicar a súa vida ao maxisterio. Con relativa frecuencia, o profesorado imponía ou mesmo vendía os libros de texto elaborados por el mesmo, unha circunstancia que mudaría coa Real Orde do 7 de outubro de 1905, co propósito de reducir os posibles abusos ao respecto³⁵.

O presente libro fora publicado por primeira vez en 1898³⁶ e reeditado en 1906³⁷. O seu autor, José Durán (n. Cabeiras, Pontevedra, 2 de abril de 1864), era no momento desta terceira edición un profesor da Escola Normal de Pontevedra. Nela impartía as materias de Nocións de Xeografía e Historia no grao elemental, e de Xeografía e Historia Universal no segundo curso, e rematou os seus servizos nela no curso 1923-24³⁸. Con anterioridade xa estivera no mesmo centro na condición de secretario (1894-1897) e director (1897-1899), mais interrompeu a súa estadía durante algúns anos nos que sería o profesor e director da Normal de Ourense (1899-1901) e profesor na de Alicante (1907). Ademais deste volume, publicou o *Atlas de ejercicios gráficos de Geografía de España e Estados nuevos y estados modificados de Europa después de la Gran Guerra*³⁹.

O seu manual inscríbese dentro dunha tradición editorial do persoal docente da Normal pontevedresa no último cuarto do século XIX, período no que na cidade, xunto con Santiago de Compostela, prodúcese o maior número de obras cun contido pedagóxico. Isto vai acompañado da realización de encontros pedagóxicos e da edición da prensa profesional⁴⁰. De feito, Durán Alonso dirixe a cabeceira *Crónica de la Asamblea Pedagógica y Exposición Escolar* (1894), órgano de comunicación da Asociación de Mestres de Pontevedra⁴¹.

Xa no referente a este exemplar concreto, estamos ante un libro "vivo", empregado no proceso de formación da mestra Adorinda Grande Rodríguez durante o curso 1920-1921, no que se realizaron uns apuntamentos e unhas anotacións que deixan testemuño do seu uso como manual.

35 Benso Calvo (2003:27)

36 Marco López e Porto Ucha (2000: 237)

37 Capel, Solé e Urteaga (1988: 106)

38 Porto Ucha (1994: 93, 105-106)

39 Marco López e Porto Ucha (2000: 236-237)

40 Costa Rico (1983: 194)

41 Marco López e Porto Ucha (2000: 236-237)

Idea general del calendario
El calendario es la medida
tiempo distribuido en periodos
subidos a las necesidades de
sociedad. Está fundado en el
propio y tiene por base la
nación de los movimientos de la
ter con los de la Luna

Reforma juliana.—El año solar
trópico consta de 365 días, 5 horas,
48 minutos y 48 segundos. Esta diferen-
cia llegó a sumarse en el año 471
de Jesucristo 90 días y entonces
César, que era a la sazón Dictador
de Roma, ordenó que aquel año 471
se agregaron los 90 días para borrar
de diferencia, y para evitar que se
se repetiera en lo sucesivo, mandó
que cada cuatro años se agregara
un día al mes de febrero, formando
con la diferencia de tiempo que
hay entre el año trópico y el civil
de estos años se llaman bisestos
a esta corrección Juliana.

Corrección gregoriana.—Hubiera quedado

ELEMENTOS
DE
GEOGRAFIA

por
D. JOSÉ DURÁN Y ALONSO

Profesor numerario de la Escuela Normal Superior
de Maestros de Pontevedra

Por R. O. de 22 de Abril de 1900 y por R. O. de 10 de Mayo de 1901 se autorizó al Sr. Durán y Alonso para que publicase esta obra en la forma de la R. O. de 22 de Abril de 1900.

TERCERA EDICIÓN

PONTEVEDRA
Tip. de la Noche y Nipón de Andara

1914

Comarca de Santiago

José Torres del Río

1991-1992, Santiago de Compostela
Papel, madeira, latón
110,5x143,5x9 cms.

Fondo Mupega
PR1895

Ademais do plano do Mapa Topográfico Nacional de España editado polo Instituto Xeográfico Nacional -véxase a peza número 55 do presente catálogo-, o máis difundido é o formado polo Servizo Xeográfico do Exército, na colección *Cartografía Militar de España*.

Servíndose de catro das súas cartas -as correspondentes a Santiago de Compostela, O Pino, Padrón e A Estrada-, o profesor da Anexa de Santiago José Torres del Río constrúe este mapa en relevo da comarca de Santiago, segundo o sistema de Río Barja. Como novidade ao referido método, ademais do xa mencionado uso de distintas cartas, engádelle o valor de que non só superpón as curvas de nivel para proporcionarlle a altura ao mapa, senón que adhíre ás curvas o mapa impreso correspondente.



Nociones de Geografía de Galicia

José María Crespo Rodríguez

Imprenta La Correspondencia Gallega
1916, Pontevedra
Papel
76 pp.

Fondo Mupega
CE2012/461

Hai antecedentes na literatura específica sobre Xeografía de Galicia, como a *Descripción del Reyno de Galicia* (1550) do licenciado Molina, as importantes achegas de Cornide no século XVIII ou, xa no XIX, o *Diccionario Nomenclátor* (1808) de Villarroel e a *Reseña Geográfica de Galicia* (1858) de Manuel Anta, dous pequenos volumes descritivos, con apenas senllas relacións de entidades da poboación.

Pero haberá que esperar á publicación destas centenarias *Nociones de Geografía de Galicia* (1916) para ter o primeiro manual específico de Xeografía de Galicia, que con intención didáctica, e non pouco reivindicativa, escribe José María Crespo (1882-1971). Crespo foi profesor nas Escolas Normais de Pontevedra e Santiago, sendo director desta última en dúas ocasións⁴². Defendía o ensino da Xeografía Especial de Galicia -así se chamaba á disciplina- como un deber "de patriotismo rexional".

42 Marco e Porto (2000: 237)

LECCIÓN OCTAVA

La raza gallega

I El pueblo gallego: Elementos étnicos; distintivos de su carácter.—II Marañón: Costumbres y fiestas públicas.—III La indumentaria.—IV Demografía: Población absoluta y relativa; la emigración.—V Superficie agrícola de los gallegos: Cultura regional; centros docentes.—VI El idioma gallego: Su actual renacimiento; producciones literarias.—VII Sentimiento religioso de los gallegos.—VIII Breve reseña de la Iglesia gallega.—IX Aptitud de los gallegos para las bellas artes.

1. El pueblo gallego se ha constituido después de un largo proceso y es el resultado de mezclas más o menos complicadas.

△ Sus principales elementos étnicos, son: el celta, fenicio, griego, romano, suevo y árabe (1).

Entre otros rasgos distintivos de su carácter, tenemos: el *amor* o *nostalgia* por el territorio, llevado hasta la exageración; la *honradez* y *lealtad*, que rayan en el sacrificio; y la *laboriosidad*, *integridad* y *sobriedad*, que revelan un alto grado de paciencia (2).

En resumen: el gallego es de carácter dócil y

(1) Los primitivos pobladores o celtas, denominados Gallaeci, dieron nombre a la región; los romanos, la llamaron Gallaecia; y los bárbaros, *Neveia*.

(2) El tipo gallego personifica el idealismo y el realismo a la vez, porque, ora vive en el mundo de la fantasía, ora mira las cosas por el lado práctico de la vida.

firme, y jamás cede a respetos humanos en el cumplimiento de su deber.

II. Aunque solo nos vamos a ocupar de las acciones en general, conviene saber, que todo acto moral guarda íntima relación con los preceptos religiosos. A la educación que informa nuestro modo de ser, se debe sin duda, el elevado nivel moral que nos distingue de los demás pueblos. Aquí el amor a la familia constituye un verdadero culto; por fortuna tampoco nos domina el vicio: ni somos víctimas del alcoholismo ni del juego (3).

Tan puras costumbres salieron del seno de los templos y por eso todas las fiestas públicas tienen un doble carácter. En las *romerías*, la función eclesiástica se celebra a la mañana, así como la cívica por la tarde.

△ Las canciones más populares son la *suaiteira*, la *alborada*, y el *stada* que impregnados de suave melancolía, subyugan con su poderoso ritmo sentimental y melódico (4).

La antiquísima *gaita gallega* es el instrumento músico más conocido, cuyos dejes y sonidos en extremo delicados, a veces saturados de negro pesimismo, despiertan en el alma mil recuerdos (5).

(3) El primero y fundamental de los deberes del hombre para consigo, es el amor de sí mismo.

(4) El *stada* suele terminarse con un *oraculo*.

(5) Hay escrito notabilísimas piezas de música gallega. Véase y háblame—digo—de música gallega. Estas sí que son dignos hijos de Galicia.

Mapa Topográfico Nacional Folla nº 184: Grove


Talleres del Instituto Geográfico y Catastral
1942 (1ª ed.), [Madrid]
Papel
49,5x69,5 cms.

Fondo Mupega
PR1896

A idea primixenia de crear en 1751 un mapa completo de España pasou por múltiples proxectos que nunca acabarían vendo a luz, xa fora por diversas cuestións técnicas, xa sexa polas circunstancias políticas. Habería que chegar ao ano 1853 para que se creara a *Dirección Xeral da Carta Xeográfica de España*, dependente do Ministerio de Fomento, e ao ano 1875 para publicar a primeira folla do mapa, a nº 559, correspondente a Madrid⁴³, feita con especial esmero porque serviría como modelo para as posteriores cartas, a escala 1/50.000. O mapa, finalizado polo Instituto Xeográfico e Catastral, completárase definitivamente no ano 1968.

A folla nº 184 é a relativa ao Grove e o seu contorno, que leva o nome deste concello por ser a maior entidade poboacional do territorio que abarca a folla.

43 Paladini Cuadrado (1991)



Scale of Miles
Scale of Fathoms
Scale of Feet

Plano de la Provincia de La Coruña


Editorial Ochoa
1965, Logroño
Papel
71x73,5 cms.

Fondo Mupega
PR1897

A división provincial data do ano 1833, manténdose con moi poucas variantes ata hoxe. As provincias serán a base das futuras Comunidades Autónomas, como recoñece a Constitución Española de 1978.

O *Plano de la Provincia de La Coruña* dá testemuño dunha longa época que principia cos primeiros mapas de Galicia editados no século XIX, na que non se respectaba a toponimia orixinal galega, como se pode percibir no título que o encabeza. Unha situación que mudará a partir de 1983 coa Lei de Normalización Lingüística, que especifica no seu artigo 10 que “os topónimos terán como única forma a galega”.

Plano de la
Provincia de
LA CORUÑA



Mapa de la Provincia de Lugo

Benito Chías y Carbó

Imprenta y litografía de Alberto Martín
c.a. 1905, Barcelona
Papel, tea
46,5x36 cms.

Fondo Mupega
exp1115

Este mapa despregable pertence á *Colección de Cartas Corográficas de las Provincias y Capitales de España*, publicada orixinalmente como conxunto na *España Regional* da editorial de Alberto Martín, en 1900. En realidade, eran as ilustracións para este libro cos textos de Casimiro Dalmau e Ceferino Rocafort, e foron finalmente editadas por separado e aprobadas en 1904 polo Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes como textos para o ensino.

Malia a súa condición de militar, Benito Chías realizou outras obras dirixidas aos centros educativos, como o *Atlas Geográfico Pedagógico de España*, coa particularidade de inserir nel uns mapas mudos cos que o alumnado puidera practicar os coñecementos adquiridos, ou o *Atlas Escolar de las Provincias de España*. Toda a produción deste cartógrafo foi editada por Alberto Martín.

Alberto Martín especializou a súa editorial barcelonesa, coa que despois continuaría a súa filla Dolores Martín Zamora, cara os temas turísticos e folclóricos, ademais dos xeográficos. Da súa imprenta saíron, en 1928, os seis volumes da *Geografía General del Reino de Galicia*, dirixida por Francisco Carreras y Candi.

Santiago de Compostela. Plano monumental

José Loeches, dibujo

José Ruiz Navarro, pintura

Servicio de Publicaciones. Subsecretaría de Turismo.

1965, Vitoria

Papel

62,5x84 cms.


Colección particular Antonio Cepeda Fandiño

Do máis xeral ao máis concreto. Así se estruturaba a xeografía na escola dende o enfoque tradicional. Polo tanto, a cartografía local supón o último elo da cadea, tendo as súas expresións máis características no mapa topográfico e no plano.

E dentro dos planos, unha variante que podemos establecer como xénero de seu: o mapa urbano panorámico. Non se trata dunha innovación, xa que dende o establecemento das regras da perspectiva no Renacemento era común o seu uso militar, coa finalidade de planear o ataque ou a defensa dunha determinada praza. Popularizaranse a partir da década de 1860, cando os avances en litografía e fotogravado permitan producir uns materiais baratos e de boa calidade⁴⁴.

Aínda que xa se coñecen exemplos en España na Idade Moderna, adquirirán un grande pulo durante a ditadura franquista, especialmente coa creación do Ministerio de Información e Turismo en 1951 e, integrada nel, a Subsecretaría de Turismo, creada en 1962 e desaparecida en 1968. Co fomento do turismo por parte deste organismo gubernamental, multiplicárase a impresión dos materiais informativos que lle permitan ás persoas visitantes a localización dos monumentos máis relevantes. E como pioneiros desta arte, merece unha especial mención o debuxante José Loeches, con quen colaboraba dándolle cor o ilustrador José Ruiz Navarro. Unha colaboración que, como neste plano especialmente editado co motivo do Ano Santo Compostelán de 1965, iniciaran nos panorámicos de Barcelona (1962) e Sevilla (1964).

44 Clark (2006: 68)



Atlas de Historia Universal

J. Vicens Vives

J. Brun Margalef e R. Rodríguez Arroyo, ils.

Editorial Teide
1974 (12ª ed.), Barcelona
Papel, enc. cartoné
77 láms.; 40 pp.

Fondo Mupega
BIB-10612-REF-ATL

Jaume Vicens Vives (1910-1960) é un profesor de instituto dende 1932 ata 1947, o ano no que gaña a cátedra de Historia Moderna e Contemporánea da Universidade de Zaragoza. No ano seguinte, marcha á Universidade de Barcelona. A chegada a esta universidade será providencial, xa que como catedrático dela participa en 1950 no IX Congreso Internacional de Ciencias Históricas de París, o que lle pon en contacto coa Escola Francesa dos Annales e, deste xeito, coa historia económica e social baseada nos métodos estatísticos, que se ía espallar con gran éxito por toda a historiografía europea. A partir de aí comezará unha carreira que, a pesares de sufrir a depuración franquista e falecer a unha idade temperá, será moi fecunda.

Ademais dos seus traballos historiográficos, Vicens Vives tamén realizou algunhas obras didácticas. Este Atlas de Historia Universal tivo unha gran difusión, como o indica o elevado número de edicións. A primeira delas é do ano 1945, e presenta evidentes diferenzas respecto a esta. En primeiro lugar, o título, inicialmente *Atlas y síntesis de historia universal*, que foi cambiado na terceira edición polo actual. En segundo lugar, e moito máis visual, as dúas primeiras tiradas eran en branco e negro, polo que houbo que esperar tamén á terceira para ver esta obra en cor. De feito, aínda que se trata de reedicións, en realidade a terceira é unha reelaboración en profundidade, ata o punto de que a poderíamos considerar unha obra diferente. Colaboraron na preparación do volume os debuxantes e cartógrafos J. Brun Margalef e R. Rodríguez Arroyo, así como o discípulo de Vicens, Ramón Gubern, a quen lle correspondería revisar as sucesivas edicións posteriores ao falecemento do autor.

XIII. LA LUCHA POR EL MEDITERRANEO. LAS GUERRAS PÚNICAS



Señales: A: 1. Territorio del Imperio cartaginés. — 2. Depósito etrusco. — 3. Líneas comerciales púnicas. — B: 1. Expansión del Imperio cartaginés. — 2. Expansión romana en Italia. — 3. Límites entre Roma y Cartago después de la primera guerra púnica. — 4. Campañas de Aníbal. — 5. Campañas de Escipión. — 6. Campañas de Asdrúbal.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA
Junta de Construcciones, Instalaciones y
Equipo Escolar, Año 1975

Juan de Dios de la Gloria Artero

Litografía P. Fábrega
c.a. 1930 (6ª ed.), Barcelona
Papel, enc. en tea
2 pp.; 36 láms.

Fondo Mupega
BIB-10366-REF-ATL


Juan de Dios de la Gloria Artero y González (1834-1903) foi profesor de ensino secundario, e posteriormente catedrático de Xeografía Histórica na Universidade de Granada. Forma parte dun selecto grupo de catedráticos de instituto e universidade que consolidarán a Xeografía e a Historia como unhas disciplinas escolares nos últimos anos do século XIX⁴⁵. Publicou varios manuais, tanto de Xeografía coma de Historia, para os institutos. Porén, as obras nas que vai desenvolver a súa maior produción son os diversos atlas publicados dende o ano 1879.

Entre eles cómpre destacar os seus atlas históricos. E isto por dúas razóns. A primeira delas, por se tratar dun grande esforzo realizado en solitario nunha etapa na que a historiografía española non estaba pasando precisamente polo seu mellor momento. Imita, aínda que non coa mesma calidade, os mapas franceses e sobre todo os alemáns, mais con isto ofrece ao servizo da docencia os primeiros atlas históricos netamente españois⁴⁶. En segundo lugar, porque serán sen dúbida, mesmo cando empecen a aparecer outros no mercado, os máis empregados en toda España durante moitos anos.

A presente edición xa non é a orixinal nin ningunha das seguintes do século XIX, feitas en Granada, senón outra moi posterior, concretamente a sexta realizada nos obradoiros litográficos de P. Fábrega, en Barcelona, mostra da súa longa vida como un material de aula.

45 Peiró e Pasamar (2002: 87)

46 Santirso Rodríguez (2011)



Novísimo atlas mudo para ejercicios gráficos de Historia Universal

Rafael Ballester

J. Fraga e P. Blanes, ils.

Imprenta e Librería de la Viuda e Hijo de José Franquet y Serra
1916 (2ª ed.), Girona
Papel, enc. rústica
2 pp.; 36 láms.

Fondo Mupega
BIB-10637-REF-ATL

O *Novísimo atlas mudo para ejercicios gráficos de Historia Universal*, publicado por primeira vez en 1913, é unha obra menor de Rafael Ballester y Castell (1872-1931)⁴⁷ por se tratar dunha ferramenta complementaria doutra que revolucionaría o mundo dos manuais de Historia, *Clío*, publicada un ano antes. As ilustracións corren a cargo dos ilustradores Fraga e Blanes.

Ballester é, sen dúbida, un dos grandes profesores de instituto que no tránsito do século XIX ao XX vai anovar o ensino da Xeografía e da Historia, avogando pola separación entre ámbalas dúas disciplinas e desbotando definitivamente a clásica división entre xeografía astronómica, física e política.

Aínda con todo o bo que presenta este atlas, a súa principal eiva é que case a totalidade das cartas representadas son do continente europeo, e só un par de todo o mundo, evidenciando o eurocentrismo da historiografía do momento.

O presente exemplar ten o valor engadido de ter sido empregado na escola -de feito é o único mapa mudo de toda a colección exhibida que se amosa escrito-, polo que podemos apreciar un dos moitos posibles resultados finais, tan variables como o alumnado que leva a cabo a actividade.

47 Peiró e Pasamar (2002: 100-101)




Historia Sagrada. Segundo Grado

Editorial Edelvives
1949, Zaragoza
Papel, enc. sinxela holandesa, tea
296 pp.

Fondo Mupega
PR1906

A materia de Historia Sagrada, presente tanto na época da Restauración Borbónica como durante o nacionalcatolicismo, ofrecía unha serie de coñecementos acientíficos baseados unicamente nos textos sagrados integrados na Biblia, que se empregaban como a única fonte incontrastable, moi lonxe dos actuais estudos de arqueoloxía bíblica que contan cun absoluto rigor científico.

Os mitos hebreos, transmitidos ao cristianismo pola tradición, recóllense neste libro de texto da editorial Edelvives. Así, conviven nuns espazos enfrontados un mapa de xeografía histórica, a chaira de Súmer, e outro mitolóxico, que presenta a dispersión dos pobos de raza branca despois do diluvio universal.



*Relación del último viaje al Estrecho de Magallanes
de la fragata de S.M. Santa María de la Cabeza
en los años de 1785 y 1786*

José de Vargas Ponce
Dionisio Alcalá Galiano
Bartolomé Vázquez, ils.

Viuda de Ibarra, Hijos y Compañía
1788, Madrid
Papel, enc. sinxela holandesa, pel
359 pp.; 2 láms.


Rede Mupega
IES Salvador de Madariaga (A Coruña)
RM55

Esta obra atribúese a José de Vargas Ponce, aínda que o máis probable é que el non fixera máis ca coidarse da edición e engadir notas ao orixinal, enriquecéndoo, así como a introdución e a segunda parte dedicada á historia das viaxes realizadas ata entón ao Estreito de Magallanes. Coñécese tamén a autoría das páxinas 92 a 158, que conteñen o *derrotero*, obra de Dionisio Alcalá Galiano. En conxunto, trátase da recreación máis importante realizada no século XVIII para o recoñecemento do nomeado estreito.

Destaca no seu interior o retrato de Fernando de Magallanes realizado polo gravador valencián Fernando Selma (1752-1810) mediante a técnica da calcografía. O retrato foi probablemente copiado do que se atopaba na casa do coengo da catedral de Toledo, Felipe Vallejo, no momento de editar o libro – á súa vez unha copia dun orixinal da galería do Duque de Florencia do século XVI-. No Museo Naval de Madrid consérvase outra copia do toledano, pero xa do ano 1848.

O libro contén máis ilustracións. Entre elas, e as que interesan dende o punto de vista cartográfico, os mapas realizados por Bartolomé Vázquez (1749-1802) para esta publicación. Vázquez inicia o seu labor profesional como prateiro en Córdoba, ata que se despraza a Madrid, onde traballará como gravador baixo o mecenado do conde de Floridablanca, empregando a técnica dos puntos. Recibu moitas críticas nos comezos pola novidade da súa técnica, mais realiza a presente obra no momento culminante da súa carreira, sendo xa membro da Real Academia de San Fernando.

SEGUNDO PLANO DE VARIOS PUERTOS DEL ESTADO DE MEXICO, LEVANTADOS EL AÑO DE 1785



Diario de un testigo de la Guerra de África

Pedro Antonio de Alarcón y Ariza

Imprenta y Librería de Gaspar y Roig, editores
1859-1860, Madrid
Papel, enc. sinxela holandesa, pel
317 pp; 5 láms.

Fondo Mupega
PR1907

Pedro Antonio de Alarcón (1833-1891), escritor español encadrado no movemento do Realismo, foi novelista, dramaturgo e poeta, aínda que onde realmente destacou foi no campo da narración. Mostra da súa pericia narrativa é este *Diario de un testigo de la guerra de África*. Alarcón, que en principio ía participar como xornalista na guerra hispano-marroquí que se desenvolveu no territorio africano durante os anos 1858 e 1859, finalmente asiste como voluntario no Batallón de Cazadores de Ciudad Rodrigo, onde exercerá como ordenanza, primeiro do xeneral Ros de Olano e posteriormente de O'Donell. Así, contemporizará o servizo das armas coa escrita de artigos que irá enviando ao seu editor para seren publicados no xornal *Las Novedades* de Madrid, onde tamén traballará o escritor Benito Pérez Galdós ata 1869. Aínda que era unha cabeceira da capital, era tamén o periódico máis difundido por todo o estado nese momento. Eses artigos serán despois editados no libro que se presenta nesta exposición.

Alarcón convértese así nun dos primeiros reporteiros de guerra españois que, rematado o conflito, descobre á súa volta o grande éxito e sona adquiridos pola distribución dos seus artigos. A edición do libro compórtalle un considerable beneficio económico que lle permitirá realizar unha viaxe a Italia, traducida a narración noutro libro de viaxes titulado *De Madrid a Nápoles*.

HAY UN PUNTO...
 En el punto de que sale un pequeño, de la
 parte de la izquierda, hacia el otro lado que se
 llama...
 En el punto que se llama...
 En el punto que se llama...

PLANO DE LA BATALLA DE TETUAN
El 2 de febrero de 1846



Legión	Regimiento	Comandante
1.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
2.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
3.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
4.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
5.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
6.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
7.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
8.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
9.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
10.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
11.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
12.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
13.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
14.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
15.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
16.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
17.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
18.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
19.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios
20.ª	Regimiento de Infantería de Marina	Don Juan de Dios

EN LA BATALLA DE TETUAN...
 Los españoles y morcos...
 El punto de vista...
 El punto de vista...



Don Juan Manuel Espartero

Don Juan Manuel Espartero...
 Don Juan Manuel Espartero...
 Don Juan Manuel Espartero...

La plaza de Gibraltar

José Ibáñez Marín

Imprenta de Infantería de Marina
1888, Madrid
Papel, enc. rústica
34 pp.; 1 lám.

Fondo Mupega
CE2013/64

José Ibáñez Marín (1862-1909)⁴⁸ foi historiador, militar e director da *Revista Técnica de Infantería y Caballería* dende 1894. Foi un proteico polígrafo, sempre no campo da historiografía e da táctica militares. Faleceu no famoso “desastre do Barranco do Lobo”, durante a guerra do Rif co emprego de comandante, o que interrompeu unha obra que sen dúbida sería máis extensa, xa que deixou no momento da súa morte, aos 47 anos de idade, moitas obras incompletas.

O plano da baía de Alxeciras é o único gravado deste opúsculo de 33 páxinas que contén unha das conferencias impartidas polo autor no Centro Cultural do Exército e da Armada de Madrid, chamado na súa fundación Ateneo Militar, entre os anos 1889 e 1903.

48 Pérez de Guzmán y Gallo (1909)



PLANO DE LA BAHIA DE ALGECIRAS

Atlas Historique, Généalogique, chronologique et géographique

A. Lesage, Conde de Las Cases

Paul Renouard, impr.
c.a. 1842, París
Papel
51x69 cms.

Fondo Mupega
PR1898


O *Atlas Historique* editase por primeira vez en inglés no ano 1801 e en francés entre os anos 1803-1804. Coñeceu múltiples reedicións, traducíndose ao castelán en 1826. É o primeiro mapa histórico da Idade Contemporánea, enmarcándose dentro da escola francesa que ostentaba no momento da edición o dominio deste ámbito da historiografía, ata ser substituída polo Reino Unido na década de 1870⁴⁹.

Atribúese a A. Lesage, o presunto pseudónimo do conde Emmanuel de Les Cases (1766-1842), famoso entre os seus contemporáneos pola publicación do seu *Mémorial* e por acompañar a Napoleón Bonaparte no exilio á illa de Santa Helena. Porén, a súa autoría non está clara, porque A. Lesage podería ser un presbítero francés refuxiado en Inglaterra, ao que o conde Les Cases lle compraría o manuscrito orixinal, encargándose de levalo á imprenta. En todo caso, sexan unha ou dúas persoas, os seus nomes irán xa para sempre ligados neste *Atlas Historique*.

Chama a atención a pouca produción gráfica que contén. Tan só doce mapas, fronte á profusión de textos e táboas cronolóxicas, ata o punto que que máis que tratarse de cartas comentadas, practicamente son ilustracións que acompañan ao texto.

A lámina exhibida, un mapamundi histórico, é tan só unha parte da colección de pregos que se conserva completa no Museo Pedagóxico de Galicia, tal e como sae da imprenta sen pasar polo proceso de encadernación. A súa presentación é facticia, xa que non estaba deseñada para ser amosada en formato mural, obviamente, senón como atlas. Presenta a particularidade de situar o continente americano no hemisferio oriental e o resto dos continentes no occidental, é dicir, no sentido inverso ao habitual nos mapamundis europeos.

49 Santirso Rodríguez (2011)



Bibliografía

- Albacete García, Catalina (1992), *La enseñanza de la Geografía en la escuela pública en España (1900-1936)*. Murcia: Universidad de Murcia.
- Antón Puebla, Pilar; Calleja Díaz, Estrella; de la Torre Adrados, Almudena (2006), *Victoriano Hernando. Historia de una editorial*. Aldeanueva de la Serrezuela: Ayuntamiento de Aldeanueva de la Serrezuela.
- Azpeurrutia Flórez, José María (s.d.), *Orientaciones para la enseñanza de la Geografía*. Madrid: Editorial Magisterio Español.
- Benso Calvo, Carmen (2003), *Profesores y textos en el bachillerato. Uso y producción de obras de texto en los institutos gallegos del siglo XIX*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- Beny, Ana; Barbáchano, Pedro; Guerrero, Isabel; Merino Baños, Manuel (1990), "Restauración de globos terráqueos y celestes con soporte de papel", en Roig Picazo, Pilar (coord.), *VIII Congreso de conservación de bienes culturales. Valencia, 20, 21, 22 y 23 de septiembre de 1990*, 547-555. Valencia: Universidad Politécnica de Valencia.
- Bertomeu Sánchez, José Ramón; Cuenca Lorente, Mar; García Belmar, Antonio; Simón Castel, Josep (2010), "Los instrumentos científicos de los centros de enseñanza secundaria en España: historia, estado actual y futuro del patrimonio científico educativo", en Granato, Marcus e Lourenço, Marta (orgs.), *Coleções científicas luso-brasileiras: patromônio a ser descoberto*, 15-46, Rio de Janeiro: Museu de Astronomia e Ciências Afins.
- *Boletín de la Real Sociedad Geográfica* (1901), vol. 61, p. 428. Madrid : [Imp. y lit. del Depósito de la Guerra].
- Capel Sáez, Horacio; Solé, Jordi; Urteaga, Luis (1988), *El libro de Geografía en España, 1800-1939*, Barcelona: Universitat de Barcelona.
- Castelo Tettamancy, M^a Carmen; Santillán Pedrosa, Elena (1997), "A etapa isabelina", en Fortes Bouzán, Xosé (1997), *O Instituto de Pontevedra. Século e medio de historia*, 87-116. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra.
- Castro Fustes, Emilio; Cepeda Fandiño, Antonio (textos); Seco González, Beatriz (fotografía) (2013), *A pedagogía intuitiva. As láminas educativas*. Santiago de Compostela: Museo Pedagógico de Galicia.
- Clark, John O.E. (ed.) (2006), *Joyas de la cartografía*, Londres: Parragon Books Ltd.
- Costa Rico, Antón (1983), "Instituciones para la formación de los maestros gallegos en los finales del siglo XIX", *Historia de la Educación: Revista interuniversitaria*, v. 2, 189-198. Salamanca: Ediciones de la Universidad de Salamanca.
- Costa Rico, Antón (2006), "El ajuar de la escuela", en Escolano Benito, Agustín (dir.), *Historia ilustrada de la escuela en España. Dos siglos de perspectiva histórica*, 197-218. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Cuenca Escribano, Antonio (2009), "El dibujo en la escuela. Una revisión histórica de sus primeros tratadistas", *Tendencias Pedagógicas*, 14, 335-351. Madrid: Universidad Autónoma de Madrid.
- De Gabriel, Narciso (2001), *Escolantes e escolas de ferrado*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- *Diario ABC*, mércores 13 de xuño de 1998, 18.

- *El Defensor de los Maestros. Órgano oficial de las Asociaciones de Maestros Nacionales de la Provincia de Álava*, Año VII, 289. Vitoria, 4 de octubre de 1919.
- Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana (1974), *Paluzie y Cantalozella (Esteban)*, t. XLI, 528. Madrid: Espasa-Calpe.
- ENOSA (1972), *Colección de rocas*, Madrid: Enosa.
- Escolano Benito, Agustín (1998), "Libros de trabajo y cuadernos de ejercicios", en Íd. (dir.), *Historia Ilustrada del libro escolar en España.*, vol. II: "De la posguerra a la reforma educativa", 303-326. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Fernández García, Antonio (2000), "Evocación de Otero Pedrayo. As súas aportacións á historia de Ourense", en *Centenario do Instituto Otero Pedrayo*. 11-22. Ourense: Xunta de Galicia.
- Filgueira Valverde, José (1987), *El Doctor Domingo Fontán Rodríguez*. Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra.
- García Iglesias, José Manuel (1974), "Río Barja, Francisco Javier", *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 27, 3-4. Santiago de Compostela-Xixón: Silverio Cañada, editor.
- García Soria, P.; Ruiz Prieto, P. (2010), "Mapas geográficos para personas ciegas y deficientes visuales", *Integración. Revista sobre discapacidad visual*, nº 57, maio/agosto 2010. Edición dixital dispoñible en <http://www.once.es/new/servicios-especializados-en-discapacidad-visual/publicaciones-sobre-discapacidad-visual/revista-integración>; última consulta en 21/12/2015.
- Gavira, José (1946), *La Carta Geométrica de Galicia (Redacciones A y B)*. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- Gento Palacios, Samuel (1988), "Geografía", en Sánchez Cerezo, Sergio (dir.), *Diccionario de las Ciencias de la Educación*, 686-687. Madrid: Santillana.
- Gómez García, María Nieves (2006), "La infancia escolarizada: un proceso contradictorio", en Escolano Benito, Agustín (dir.), *Historia ilustrada de la escuela en España. Dos siglos de perspectiva histórica*, 331-350. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Levasseur, Ernesto (1928), *La enseñanza de la Geografía*. S.l.: Ediciones de la Lectura.
- Marco López, Aurora; Porto Ucha, Anxo Serafín (2000), *A Escola Normal de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996)*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Martín Zúñiga, Francisco; Grana Gil, Isabel (2014), "Los Archivos Históricos Universitarios, guardianes del patrimonio educativo: la depuración del profesorado de las Escuelas Normales de Ceuta y Melilla", en Badanelli Rubio, A., Poveda Sanz, M. y Rodríguez Guerrero, C. (coords.): *Pedagogía museística. Prácticas, usos didácticos e investigación del patrimonio educativo*, 469-477. Madrid: Universidad Complutense de Madrid y Facultad de Ciencias de la Educación.
- *Material pedagógico para Institutos, Escuelas Normales y demás centros docentes*, Catálogo XX, 1932. Madrid: Cultura. Eimler-Basanta-Haase, S.L.
- *Memoria acerca del estado del Instituto de Monforte en el curso de 1859 a 1860* (1860), Santiago: Imprenta de Manuel Mirás.
- *Memoria leída en la apertura del curso académico del curso académico de 1861 a 1862 en el Instituto Provincial de Monforte por el licenciado Don Francisco Fariña*. (1861), Monforte: Imprenta de Ramón Cortiñas.

- Moreno López, Eduardo (1903), *La Geografía Moderna. Conferencia inaugural dada en el Liceo-Recreo de Artesanos de Orense la noche del 21 de noviembre de 1900*. Ourense: Imprenta de A. Otero.
- MUSEO PEDAGÓGICO DE GALICIA (s.d.), *Guía de Recursos para o Profesorado*. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia.
- Núñez de las Cuevas, Rodolfo (1988), "La cartografía española de principios del siglo XIX y la Carta Geométrica de Galicia de D. Domingo Fontán", en Lorenzo Martínez, Ramón; Sáez Andrés, Antonio (dirs.), *Bicentenario de Domingo Fontán Rodríguez 1788-1988. Cartografía de Galicia 1522-1900*, s.f. Madrid: Instituto Geográfico Nacional.
- Orantes de la Fuente, José Luis (2010), "Telurios: recuperación y guía pedagógica realizadas en el I.E.S. Zorrilla", *IV Jornadas de Institutos Históricos Españoles*, 141-147. Santiago de Compostela: Museo Pedagógico de Galicia.
- Paladini Cuadrado, Ángel (1991), "Notas para la historia del Mapa Topográfico Nacional de España", *Militaria. Revista de Cultura Militar*, nº 3, 83-100. Madrid: Editorial Universidad Complutense.
- Paluzié, Faustino (1880), *Catálogo de los libros y demás artículos de propiedad*, Barcelona: Imprenta y litografía de Faustino Paluzié.
- Peiró Martín, Ignacio; Pasamar Alzuria, Gonzalo (2002), *Diccionario Akal de historiadores españoles contemporáneos (1840-1980)*. Madrid: Akal.
- Peña Saavedra, Vicente (1991), *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. A Coruña: Xunta de Galicia.
- Peña Saavedra, Vicente (com.) (2013²), *Luces de alén mar. As escolas de americanos en Galicia*. Textos dos paneis da exposición de Carolina García Borrazás e María Teresa García Domínguez. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega; Arquivo da Emigración Galega; Secretaría Xeral da Emigración, Xunta de Galicia.
- Pérez de Guzmán y Gallo (1909), *Informe a la Real Academia de la Historia sobre la vida y las obras del teniente coronel del Batallón de Cazadores de Figueras núm. 6 D. José Ibáñez Marín, muerto gloriosamente en los barrancos del Gurugú, en África, el 23 de julio de 1909*. Madrid: Establ. Tip. de Fortanet.
- Pérez Fariña, María Luisa (1996), "Introducción á cartografía en Galicia", en Río Barja, Francisco Javier, *Galicia. Xeografía*, t. XVII, 22-35. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- Pla-Dalmáu (1958), *Enciclopedia Escolar Estudio. Libro verde correspondiente al segundo ciclo de Enseñanza Elemental*. Girona-Madrid: Editorial Dalmáu Carles, Pla S.A.,
- Porto Ucha, Anxo Serafín (1994), *A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940). O contexto curricular e social na formación do profesorado*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- Prado Gómez, Antonio (2013), *O Instituto Provincial de Lugo (1842-1975)*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo.
- Quintero González, J. (2000), *El Arsenal de la Carraca (1717-1736)*. Madrid: Ed. Ministerio de Defensa.
- Río Barja, Francisco Javier (1980), *Aplicaciones prácticas de geografía general para profesores de E.G.B.: didáctica de la geografía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

- Río Barxa, Francisco Xavier (1981), *Didáctica da Xeografía*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Río Barxa, Francisco X. (1986), "Aportacións didácticas para o estudo dos mapas en relevo", *Adaxe. Revista de estudos e experiencias educativas*, nº 2, 113-120. Santiago de Compostela: Escola Universitaria de Maxisterio, Universidade de Santiago de Compostela.
- Romero de Pablos, Ana; Santesmases, María Jesús (2008), *Cien años de Política Científica en España*, Bilbao: Fundación BBVA.
- Ruiz Berrio, Julio (2003), "El museísmo pedagógico en el mundo: pasado, presente y perspectivas de futuro", *I Foro de Museísmo Pedagógico. O museísmo pedagógico en España e Portugal: Itinerarios, experiencias e perspectivas*, 57-72. Santiago de Compostela; Museo Pedagógico de Galicia.
- Saavedra Fernández, Pegerto (2007), "O ensino: desde as escolas de ferrado á Universidade", en *La Gran Historia de Galicia. VIII: A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). Política e Cultura*, volume 2. A Coruña: Arrecife Edicións Galegas.
- Santirso Rodríguez, Manuel (2011), "Los atlas históricos en la España contemporánea: una exploración", *Scripta Nova. Revista electrónica de Geografía y Ciencias Sociales*, vol. XV, nº 365. Disponible en www.ub.edu/geocrit/sn/sn-365.htm, última consulta en 21/12/2015.
- Sellés, Manuel (2005), "Los instrumentos y su contexto. El caso de la Marina Española en el siglo XVIII", *ÉNDOXA: Series Filosóficas*, nº 19, 137-158. Madrid: UNED.
- Sisto Edreira, Rafael (1999), *O patrimonio histórico-científico do Instituto Xelmírez I (Santiago de Compostela). Inventario e catalogación. Unha ollada ós gabinetes de ciencias do vello instituto de Santiago*. A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña.
- Sureda García, Bernat (1997), "La producción y difusión de los manuales escolares", en Escolano Benito, Agustín (dir.), *Historia Ilustrada del libro escolar en España. Vol. I: Del Antiguo Régimen a la Segunda República*, 69-100. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Vilanova Rodríguez, Alberto (1974), "Fontán Rodríguez, Domingo", *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 13, 165-168. Santiago de Compostela-Xixón: Silverio Cañada, editor.



museo
pedagógico
de galicia

galicia

PIC
DE COMA MITJANA

2653

2631

2600

2753



XUNTA
DE GALICIA

